

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 7 de XUÑO de 2010**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudosio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez

**Invitados:**

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de xuño de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2010. EXPTE. 3539/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.05.10, o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 21.04.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a co-

organización da “FESTA DA SARDIÑA 2010”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 8.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía–Festa Sardiña) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2010.

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2010.

*Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dez*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3539/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.*

*II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2010”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.*

*III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.500,00 (oito mil cincocentos) euros, a favor da asociación Comisión de Festas Nosa Señora da Guía.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de*

subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa da Sardiña 2010 na carballeira da Guía o día 31 de xullo.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3539/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2010, que terá lugar na carballeira da Guía, e concretamente a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.
- 4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.
- 6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.
- 2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.
- 3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2010".
- 4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa

*Federación de Bandas populares de música de Vigo.*

5º.- *Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 8.500,00 (oito mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa da Sardiña 2010.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*
- *Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*
- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos*

do artigo 33 da LG 9/2007.

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello de Vigo os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, de 2010.*

## **2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2010. EXPTE. 3541/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.05.10, o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a coorganización da “FESTA DO POLBO 2010”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 9.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2010.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2010.

*Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil nove*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Gregorio Álvarez Pereira, como presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada xeral de Valadares nº 233 Vigo, na representación*

da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3541/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2010”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 9 de abril de 2010, na partida 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2009 no monte dos Pozos o día 8 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3541/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo 2010, que terá lugar no monte dos Pozos (Valadares), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando



*toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.*

- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.*
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.*
- 4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*
- 6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
- 2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.*
- 3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2010”.*
- 4º.- Conceder directamente ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros co obxecto de coadxugar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2010.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0082.48.0040007435, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou*

elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
  - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
  - Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
  - Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
  - Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

*Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a .....de..... de 2010.*

### **3.- CONTRATO PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JOAN MANOEL SERRAT NO AUDITORIO Ó AIRE LIBRE DE CASTRELOS DO DÍA 22 DE XULLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO VERÁN 2010. EXPTE. 3600/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 10.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, de

acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical de JOAN MANUEL SERRAT, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2010, o día 22 de xullo ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 81.231,20 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará DEMONIO PRODUCCIONES S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 1.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

*CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE JOAN MANUEL SERRAT O DÍA 22 DE XULLO DE 2010 NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.*

Vigo, o ..... de ..... de .....

*Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. ANTONIO BARREIRO LÓPEZ, que actúa en nome da empresa denominada DEMONIO PRODUCCIONES S.L, CIF B-27.709.351, e con enderezo na rúa SILVANA nº 17, da cidade de VIGO, CP 36205; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

*Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista JOAN MANUEL SERRAT, no sucesivo O ARTISTA, o día 22 de xullo de 2010, ás 23:00 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos, cunha duración mínima de 80 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

VALIDEZ

*Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.*

### PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de SESENTA E OITO MIL OITOCENTOS CORENTA (68.840,00) euros máis o 18 % de IVE, o que fai un total de OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS TRINTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (81.231,20), en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a DEMONIO PRODUCCIONES SL, CIF B-27.709.351, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

### PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O local da actuación dispón dun aforo de 2.500 espectadores sentados. O CONCELLO porá á venda 1.500 entradas ao prezo de 10 euros en venda anticipada e 12 euros en taquilla e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 1.000 invitacións das que entregará 25 á AXENCIA.

### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertirallo ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá

dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por

escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidades civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 3R-1-364.000.015, formalizada coa compañía BANCO VITALICIO DE ESPAÑA, CIA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

### INSTALACIONES

Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 9:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

### RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

### LEXISLACIÓN APLICÁBEL



Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerese polo dereito privado.

### SUBMISIÓN

s.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

### ANEXO

#### 1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación, segundo o rider técnico do ARTISTA.

**REFORZO.-**

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

#### 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

##### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

*Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m. O escenario está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m<sup>2</sup>.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (“backstage”).*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Este escenario deberá estar aforado cun sistema de cámara negra e moqueta.*

##### 2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

*Dimensións.- 2,5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura dende o chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- 2.000 kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.*

### 2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

*Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo, en dous niveis situados a 0,30 m. e 0,50 m. do chan.*

*Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 Kg/m<sup>2</sup>.*

### 2.4. OUTROS.

*O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

### 3. VALADO.

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

- *ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*
- *EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN*
- *MERCADOTECNIA*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

### 4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

*As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:*

*380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo as normas en vigor e dando 0 a voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

### 5. CAMERINOS.

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA de cinco camerinos de uso exclusivo (1 de uso individual, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas), todos eles illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, perchas, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camiós do equipo do ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

#### 6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

Sandwiches variados.  
Refrescos variados, cervexas, xeo, cubiteira ou aparato frigorífico.  
Auga mineral en abundancia.  
Vasos, manteis, servilletas de papel e outro material necesario.  
Bandexas de froitas variadas.  
Termo con auga quente, sobres de infusións variadas.  
Café, leite, crema, azucre, sacarina...

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe  
10 litros ao comezo das probas de son  
20 litros ao comezo do desmonte.

#### 7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 1 camión-trailer (de 100 m3 e 21 metros de lonxitude), dúas furgonetas e un turismo do ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

#### 8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

#### 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

##### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

## 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 16 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 09:00 horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

## 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

## 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

## 9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

## 10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.
- 4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 6 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 3 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
- 4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

## 11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

### 11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás 22:30 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

## 12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO cunha antelación de 30 días antes do concerto, o seguinte material publicitario do ARTISTA:

CARTEIS.- 1.000 unidades, dimensións 70 x 100 cm.

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

### EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

## 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

**4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A “CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA” E CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO FESTICLOWN 2010. EXPTE. 12194/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.05.10, o informe de fiscalización do 1.06.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación, do 28.04.10, conformado polo xefe do departamento de Cultura e o concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 110.000,00 € (cento dez mil euros) a Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, CIF: F15983067, para o financiamento do Festiclown 2010, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.01 “Convenio Culturactiva Festival Festiclown”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festiclown 2010”.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTICLOWN 2010**

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dez.

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, Dna. Consuelo Vicente Ameal, na súa calidade de Presidenta do Consello Reitor de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, CIF: F15983067, e con enderezo en rúa Betanzos 44 baixo, 15703 da cidade de Santiago de Compostela, que no sucesivo se denominará CULTURACTIVA.*

**MANIFESTAN**

*Que CULTURACTIVA, tal e como establecen os seus estatutos ten como fins a xestión, promoción e produción cultural, a produción e xestión de festivais, espectáculos e eventos culturais; a produción, promoción e representación de compañías artísticas (musicais, teatrais, etc.); a programación, xestión e desenrolo de actividades educativas de animación sociocultural, de medio ambiente, ocio e tempo libre; o asesoramento na produción e xestión de espectáculos e actividades culturais, artísticas e festas patronais; a creación, promoción e conservación dun portal web para a cultura alternativa; o deseño e xestión de proxectos de integración social para colectivos en risco ou con minusvalías, a realización de estudos.*

*Que CULTURACTIVA ven organizando desde hai dez anos o Festiclown en diferentes cidades de Galicia e desde hai tres en Vigo amosando o seu espírito alternativo e solidario e convertíndose nun dos festivais de clown de referencia obrigada no ámbito estatal e internacional para afeccionados e expertos.*

*Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interés público e social do Festiclown promovido por CULTURACTIVA, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.*

*Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.01 “Convenio Culturactiva Festival Festiclown”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 110.000,00 €, a favor de CULTURACTIVA, CIF: F15983067.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do Festiclown 2010.*

*CULTURACTIVA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CULTURACTIVA, o Concello de Vigo e a dita entidade CULTURACTIVA conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

*O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a CULTURACTIVA pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data \_\_\_\_\_, con destino ao FESTICLOWN 2010.*

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.**

*O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 127.500,00 € (cento vinte e sete mil cincocentos euros). Os ingresos previstos por CULTURACTIVA proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (110.000,00 €, 86,27 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de CULTURACTIVA (17.500,00 €, 13,73 %).*

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.**

*O FESTICLOWN 2010 realizarase entre os días 26 de xullo e 1 de agosto de 2010 en diferentes*

espazos: Praza da Constitución, Rúa Príncipe, Porta do Sol, Barrio do Calvario, Praza do Mercado do Progreso, Praza de América, etc.

#### CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE CULTURACTIVA.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, alquiler de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do FESTICLOWN 2010, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao FESTICLOWN 2010.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
5. Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura falcitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xenerada por CULTURACTIVA en canto ao FESTICLOWN 2010
6. CULTURACTIVA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
7. A concesión da subvención a CULTURACTIVA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do FESTICLOWN 2010 e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a CULTURACTIVA é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do FESTICLOWN 2010; en particular sobre o calendario da



*programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

*CULTURACTIVA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*CULTURACTIVA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do FESTICLOWN 2010; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre CULTURACTIVA, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*CULTURACTIVA asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do FESTICLOWN 2010. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias CULTURACTIVA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*Asemade, CULTURACTIVA entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*CULTURACTIVA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*CULTURACTIVA tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*CULTURACTIVA facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do FESTICLOWN 2010 nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

#### LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento a CULTURACTIVA polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do FESTICLOWN, de acordo co seguinte calendario:*

- a) Unha primeira achega, por importe de 55.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*
- b) Unha segunda achega ao final do festival por importe de 55.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro de 2010.*

#### DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

##### Para cada unha das achegas:

- o Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- o Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*

##### Para a primeira achega:

*No caso de que no momento de tramitar a primeira achega a entidade beneficiaria non teña aínda facturas, pero si gastos comprometidos, consideraranse pagamentos a conta ou anticipados aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento, debendo, en todo caso aportar as facturas derivadas destes compromisos no momento no que estean en poder do beneficiario e sempre antes do trámite da segunda achega.*

##### Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do FESTICLOWN 2010, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
  - 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.**

2. *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- b) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- c) *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por CULTURACTIVA para financiar a totalidade do FESTICLOWN: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES.-**

*Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao FESTICLOWN, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

*A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

#### **IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-**

*A subvención do Concello de Vigo a CULTURACTIVA, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*CULTURACTIVA comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas por CULTURACTIVA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

#### **NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.**

*O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de CULTURACTIVA axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.*

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.**

*O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2010.*

*Este convenio non é prorrogable.*

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.*

### **5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”. EXPTE. 4632/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 22.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF 36704666).

2º.- Autorizar o gasto de 15.000 € con cargo á partida 9240.4890001 “Convenio Fed. Peñas Recr. El Olivo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2010.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”**

En Vigo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dez

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra D. Balbino Moreira Vállez en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, con CIF: G-36704666, e domicilio na Praza de Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4632-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ✓ A estimulación e desenvolvemento do deporte
- ✓ O fomento e estimulación da cultura e o arte
- ✓ A organización e desenvolvemento de eventos recreativos
- ✓ O apoio as iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a auto-organizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890001 (Convenio “Fed. Peñas Recr. El Olivo”), prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 15.000 € a favor da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, non está incurso en prohibición

para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4632-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

ÁREAS	CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO
Organización	Xestión e Administración <ul style="list-style-type: none"> <li>• Local Social</li> <li>• Consumibles</li> <li>• Administración</li> <li>• Subministro</li> </ul>	6.000,00 €
Promoción	Edición da Revista Anuario	2.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas	2.500,00 €
Social	XXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	4.000,00 €
	<i>Total</i>	15.000,00 €

- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .
- Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto

"Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

- Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente o financiamento do concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- a) Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- b) Respetar a estrutura organizativa da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
- c) Conceder directamente á entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" unha subvención por importe de 15.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa "Federación de Peñas Recreativas El Olivo".

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma

proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Solicitude de liquidación final.

b) Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datos e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

a) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.



Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2010.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo

de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.

## ANEXO I

### ACTIVIDADES DA ENTIDADE

ÁREAS	PROXECTO	CUSTE PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO
Organización	Xestión e Administración <ul style="list-style-type: none"> <li>• Local Social</li> <li>• Consumibles</li> <li>• Administración</li> <li>• Subministro</li> </ul>	9.500,00 €	6.000,00 €
Promoción	Edición da Revista Anuario	3.600,00 €	2.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas	7.200,00 €	2.500,00 €
Social	XXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	5.350,00 €	4.000,00 €
	<i>Total</i>	25.650,00 €	15.000,00 €

**6.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 02/2862.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa do 28.05.10, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D<sup>a</sup>. Alfonsa Diaz Reyes. Expte. 2862/02.

**7.- CONVENIO COA CRUZ VERMELLA PARA O MANTEMENTO DO SEU CENTRO DE DÍA NA RÚA CÁNOVAS DEL CASTILLO, 16. EXPTE.51516/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 31.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Programa do 14.04.10, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española, CIF Q2866001G, para a prestación do servizo de Centro de Día para as persoas maiores coas condicións que contén o texto do propio convenio dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

2º.- Aprobar o gasto por un importe total de 113.000 euros con cargo á partida 2310 4890015 “Convenio Cruz Roja CD”.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES*

Vigo, de de 2010

REUNIDOS

*Dunha parte D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,*

*Doutra parte D. Jorge Araújo Cortegoso como Presidente Provincial da Cruz Vermella Española, en virtude de nomeamento polo acordo de data 31 de maio de 1999 do Comité Autonómico, en representación da mesma segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

### M A N I F E S T A N

*I.- Que a Cruz Vermella Española nas súas normas de ordenación, aprobadas polo Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo (BOE núm. 56, de 05.03.96), modificado polo Real Decreto 2219/1996, de 11 de outubro (BOE núm. 247, de 12.10.96), polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, ó previsto nos Estatutos da Cruz Vermella Española, aprobados o 28 de xuño de 1997, e publicados no "Boletín Oficial del Estado" do 17 de setembro seguinte, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas, sendo a súa duración indefinida e gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas (Artigo 1). Así mesmo, entre os obxectivos e fins concrétese a consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, referencias todas elas que recollen os Estatutos da Institución e que concreta na prestación, entre outros, dos servizos de xestión de centros de día. O obxecto do presente convenio e precisamente a colaboración ao mantemento dun Centro de Día para Persoas Maioras que a Cruz Vermella xestiona na rúa Cánovas del Castillo nº 16, 5º planta de Vigo.*

*II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais con poboación superior a 20.000 habitantes.*

*A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 di que: os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 di: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 di: Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións, e sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da*

*entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.*

*III.- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun importante colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir ao recurso dos Centros de Día; recurso que constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais dos que dispón o Concello, ao ser este un espazo onde o usuario recibe unha atención personalizada e integral para mellorar a súa calidade de vida, en compañía doutras persoas maiores do seu contorno que se atopan en similares circunstancias, o que lle permite establecer relacións que diminúan o seu illamento, creando nos usuarios hábitos que reforzan o seu estado de saúde e benestar xeral.*

*A Cruz Vermella conta cun centro de día sito na rúa Cánovas del Castillo nº 16, 5ª planta, que ven funcionando desde o ano 1998, cun alto nivel de calidade. Ao funcionamento deste centro e á calidade do seu servizo ven contribuíndo o Concello de Vigo a través de achegas municipais anuais, canalizadas a través de convenios de colaboración. O Concello non dispón do recurso de centros de día para persoas maiores, polo que considerase conveniente fomentar este tipo de recursos colaborando ao seu mantemento e concretamente ao citado da Cruz Vermella.*

*IV.- A concesión directa da subvención obxecto deste convenio á Cruz Vermella fúndase nas singulares características desta entidade, na experiencia que vai dita na prestación deste servizo na cidade de Vigo e nos principios que inspiran a súa actuación: humanidade, imparcialidade, voluntariado e, ausencia de ánimo de lucro; circunstancias estas que aconsellan, de acordo co artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a subscrición deste convenio singular coa Cruz Vermella sen promover concorrència pública.*

*V.- De acordo con todo o anterior, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao mantemento do Centro de día para persoas maiores da Cruz Vermella na rúa Cánovas del Castillo en Vigo.*

*VI.- Que a entidade Cruz Vermella non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Cruz Vermella, o Concello de Vigo e a dita entidade Cruz Vermella, convenian a súa colaboración na prestación do servizo de Centro de día para persoas maiores e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

## **PACTOS**

*Primeiro.-*

*A entidade Cruz Vermella comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo no exercizo das súas competencias en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social a través do Centro de Día que ven xestionando na rúa Cánovas del Castillo nº 16 -5ª planta de Vigo, nos termos que seguen:*

- *Prestará no Centro de Día para Persoas Maiores, por medio do persoal especializado correspondente, os seguintes servizos:*

- Atención social, psicolóxica e médica
- Actividades ocupacionais, terapéuticas e de ocio
- Rehabilitación física: ximnasia de mantemento, fisioterapia
- Rehabilitación psicolóxica: estimulación cognitiva, psicomotricidade
- Servizo de comedor de comida e merenda
- Servizos complementarios de coidado persoal: ducha xeriátrica (ante incidencias)
- Servizo de transporte adaptado, ate completar as prazas dispoñibles.

O horario do Centro será de 9,00 a 18,00 horas de luns a venres inclusive, excepto días de lecer.

Os obxectivos, beneficiarios, baremo e criterios de admisión no Centro de día, axustaranse ao revisto nos Anexos I (obxectivos), II (beneficiarios), III (baremo de admisión) e IV (criterios de admisión).

- Comezará a atención ao usuario admitido no prazo máximo de cinco días, sempre que o centro dispoña de praza libre.
- Comunicará ao Concello no mesmo prazo de cinco días as baixas que se produzan e os seus motivos, para cubrilas o mais rapidamente posible.
- Realizará follas de seguimento de tódolos usuarios que entregarán ós servizos sociais municipais de atención primaria cunha periodicidade semestral nas situacións que non requiran unha intervención, avaliación, etc..., e no momento necesario cando se produzan as circunstancias anteriores.

En xeral, cumprirá coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Propoñer a Cruz Vermella solicitantes de praza que cumpran os requisitos esixidos no Centro de día.
- Tramitar as solicitudes para dito servizo na área dos servizos sociais de atención primaria aportando a documentación precisa.
- Conceder directamente á entidade Cruz Vermella unha subvención para o exercicio 2010 por importe de 113.000 euros con cargo a partida 2310 4890015 "Subvencións a asociacións, entidades, etc de carácter social".

#### Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.-

*O presente convenio de colaboración estenderá a súa eficacia a todo o ano 2009, isto é desde o 01/01/2010 ata o 31/12/2010.*

*Polo período de eficacia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 113.000,00€ con cargo ao programa de gastos 2310, partida 4890015, do vixente exercicio.*

*Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:*

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.-

*A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada facendo constar esta subvención nun lugar perfectamente visible das instalacións do centro de día. No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar tamén a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.*

*A presente subvención terá, por outra parte, a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

Sétimo.-

*Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha*

*Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Cruz Vermella e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servizos Sociais ou persoa en quen delegue.*

*Oitavo.-*

*A entidade Cruz Vermella someterase á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

*Noveno.-*

*A entidade Cruz Vermella poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

*Décimo.-*

*A Cruz Vermella presentará antes do día 31 de xaneiro de 2011, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- ◆ *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  2. *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.*
  3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*



*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009.*

*Décimo terceiro.-*

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.-*

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.-*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

Décimo sexto.-

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.-

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.*

Décimo oitavo.-

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

ANEXOS:

ANEXO I (Obxectivos)

- ◆ *Facilita-lo mantemento da persoa maior no seu medio colaborando coa familia na atención que estas persoas precisen.*
- ◆ *Ofrecer un xeito de vida estimulante que rompa co illamento destas persoas maiores nas súas casas.*
- ◆ *Completa-la rehabilitación física ou psíquica de maiores que precisaron dunha hospitalización.*
- ◆ *Conseguir que os usuarios recobren o manteñan o grado de funcionalidade e autonomía idóneos.*
- ◆ *Facilita-la integración dos usuarios na comunidade.*

ANEXO II (Beneficiarios)

*Poderán obter a atención no Centro de Día as persoas de 65 ou mais anos que reúnan os criterios para a admisión que se detallan no anexo IV así coma os seguintes requisitos:*

*a) Ter reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria, con carencias na súa situación bio-psico-social.*

*b) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, ou enfermidade clínica que requira atención nun*

centro hospitalario, nin sufrir trastornos mentais ou de conduta que poidan altera-las normas de convivencia do centro.

c) *Estar empadroado na cidade cunha antigüidade mínima de tres anos. Esta condición poderá obviarse no caso de empadroados na cidade que acolleran os familiares directos residentes noutros municipios por circunstancias sociais que avaliarán os técnicos dos servizos sociais no momento de formular la proposta correspondente.*

*Os expedientes que xurdan a partires da solicitude de praza, deberán superar un procedemento de valoración de idoneidade e baremaranse de acordo ó sinalado no anexo III, e segundo a puntuación obtida, establecerase a orde para o ingreso no Centro. Dito ingreso suporá a firma dun contrato de atención, xunto co cal entregarse unha copia do regulamento interno do centro de día.*

*Os usuarios do Centro deberán cumprir en todo momento as normas de réxime interior que rexan no Centro.*

*O número de prazas mínimo cos que deberá contar o centro de día será de 25. Para os usuarios clasificados no apartado f) do anexo IV será do 40% como máximo. Esta porcentaxe podería ampliarse pola comisión avaliadora que se crea no presente convenio.*

*Créase unha comisión avaliadora para a incorporación efectiva do usuario. Estará formada por dous técnicos, un por cada unha das partes (en traballo social e psicología), así como o médico adscrito ó Centro co fin de confirmar si cumpre os requisitos e criterios para acceder o Centro, e establecece un período de proba ata un máximo de 15 días naturais.*

### ANEXO III (Baremo de admisión)

*Na valoración dos expedientes de solicitude de ingreso no Centro de Día, ponderaranse as seguintes variables:*

- Situación socio-familiar
- Situación de dependencia física e/ou psíquica
- Situación económica
- Situación da vivenda e o seu entorno
- Idade
- Avaliación doutras circunstancias
- A puntuación máxima será de 140 puntos.

#### 1.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

*Puntuación:*

- ◆ *Vive só, sen familia na localidade , tendo cuberta por terceiras persoas a atención que precisa no seu fogar .....32*
- ◆ *Vive só, con familia na mesma localidade, que non pode prestarlle a atención que necesita.....26*
- *Vive con familiares de primeiro grao con cargas especiais (outros maiores, fillos pequenos, situación de aglomeración, etc).....21*
- ◆ *Vive con outra ou outras persoas (coidadores ou familiares a partires do segundo rao) que non poden prestarlle a debida atención.....16*
- ◆ *Vive con algún fillo, ou cónxuxe pero a situación non é a idónea debido a diversas circunstancias que poden ser paliadas coa atención do solicitante no Centro de Día .....11*

## 2.- SITUACIÓN DE INCAPACIDADE FÍSICA DO SOLICITANTE:

### Puntuación:

◆ Limitación no campo visual:	moderada.....1
	severa.....2
	completa.....3
◆ Limitación na audición:	leve.....1
	moderada.....2
	severa .....3
◆ Incontinencia urinaria:	ocasional.....0,5
	frecuente.....1
◆ Incontinencia fecal:	ocasional.....1
◆ Dificultade no manexo de extremidades superiores:	
	leve.....1
	moderada.....2
◆ Dificultade no manexo de extremidades inferiores:	
	leve.....1
	moderada.....2
◆ Dificultade respiratoria:	leve.....1
	moderada.....2
◆ Insuficiencia cardíaca:	leve.....1
	moderada..... 2

## 3.- SITUACIÓN DE INCAPACIDADE PSÍQUICA DO SOLICITANTE:

◆ Dificultade na orientación espacio-temporal:	
	leve..... 1
	moderada.....2
	severa.....3
- Alteración da percepción:	leve.....1
	moderada.....2
◆ Dificultade na comunicación:	leve.....1
	moderada.....2
	severa.....3
• Desequilibrio emocional:	leve.....1
	moderado.....2

	severo.....	3
◆ Trastorno da memoria:	leve.....	1
	moderado.....	2
	severo.....	3
◆ Trastorno da conduta (por agresividade):	leve.....	2
	moderado.....	1
◆ Trastorno da conduta (por apatía):	leve.....	1
	moderado.....	2

(Puntuarase unicamente o rasgo que sexa predominante)

#### 4.- SITUACIÓN ECONÓMICA

Aplicaranse unhas táboas de valoración da situación económica segundo os ingresos do solicitante:

De:	0 a 240,40 €.....	20
	240,41 a 300,51 €.....	19
	300,52 a 360,61 €.....	18
	360,62 a 420,71 €.....	17
	420,72 a 480,81 €.....	16
	480,82 a 540,91 €.....	15
	540,92 a 601,01 €.....	14
	601,02 a 661,11 €.....	13
	661,12 a 721,21 €.....	11
	721,22 a 781,32 €.....	9
	781,33 a 841,42 €.....	7
	841,43 a 901,52 €.....	5
	901,53 a 961,62 €.....	3
	961,63 a 1021,72€.....	1
	Máis de 1021,72 €.....	0

#### 5.- SITUACIÓN DA VIVENDA E O SEU ENTORNO

- ◆ Con barreiras arquitectónicas que dificulten gravemente o desenvolvemento da vida diaria.....20
- ◆ En condicións deficientes (non só pola habitabilidade senón tamén pola súa adaptación) ou illadas do casco Urbano ou na zona rural.....15
- ◆ Sen medios de comunicación que faciliten a integración ou acceso a outros recursos.....10
- ◆ En condicións aceptables de habitabilidade e comunicación pero: illada, fora do casco urbano, en zona rural, con espazos limitados, etc.....5

#### 6.-IDADE

Nesta variable valórase a idade do solicitante, en coherencia cos principios que informan e xustifican asistencia ás persoas da terceira idade.

*Darase un punto por cada ano a partir dos sesenta e cinco anos cumpridos (máximo 30 puntos)*

#### **7.- AVALIACIÓN DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS:**

*Neste apartado valóranse especiais situacións do solicitante que, sen estar comprendidas nos supostos contemplados nos apartados anteriores, requiran sen embargo ser obxecto de valoración. A puntuación máxima será de 6 puntos.*

#### **ANEXO IV (Criterios de admisión)**

*No Centro de Día atenderase a:*

- d) Persoas cuxo ingreso nas Institucións en réxime de internamento sexa posible e conveniente evitar.*
- b) Persoas con incapacidade susceptible de mellorar a súa autonomía e evitar o seu deterioro.*
- c) Persoas con secuelas de ictus, parkinsonismos ou outros problemas neurolóxicos que afectan a marcha e inestabilidade, así como outras funcións.*
- d) Persoas con problemas osteoarticulares, artrosis deformantes ou outras afeccións do aparato locomotor susceptibles de mellora funcional.*
- e) Persoas con deterioro cognitivo, que precisen estimulación de funcións superiores que poidan mellorar a súa calidade de vida e retardar a súa dependencia.*
- f) Persoas afectadas por procesos dexenerativos susceptibles de mellora funcional.*
- g) O nivel de deterioro das persoas recollidas nos apartados anteriores debe ser considerado leve ou moderado, non podéndose atender no Centro de Día trastornos que afecten en grao severo á mobilidade, continencia ou agudeza auditiva.*

#### **ANEXO V (Criterios de baixa)**

*Establécense as seguintes causas de baixa no Centro de Día:*

- a) Baixa voluntaria*
- b) Finamento do usuario*
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro municipio*
- d) Ingreso en centro residencial*
- e) Inadecuación, por interferir no bo funcionamento do Centro, incumprindo o regulamento interior do mesmo*
- f) Deterioro, ó producirse modificacións na situación biopsicosocial do usuario que sexan incompatibles coa súa permanencia no Centro.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**8.- ADXUDICACIÓN DA POXA DE 173 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3133/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 2.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Desguaces Mingos, S.L. polo prezo de 15.560 euros o lote de 173 vehículos relacionados no expte. 3133-241.

**9.- AUTORIZACIÓN A “ELOYMAR TRANVÍAS UTE” E “COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.” PARA MANTER INDEFINIDAMENTE ATA A SÚA COBERTURA A OFERTA DE PRAZAS DE APARCADOIRO EN CESIÓN DE USO. EXPTE. 3203/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 21.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- ◆ *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- ◆ *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público*
- ◆ *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- ◆ *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- ◆ *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- ◆ *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- ◆ *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- ◆ *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES:

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., e D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03/05/2010, manifestan que a través do procedemento de oferta pública de prazas en cesión de uso e a súa posterior ampliación non se ten cuberto a porcentaxe de prazas previstas no prego de cláusulas administrativas particulares para residentes nos aparcadoiros públicos situados nas rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao. Dado que seguen recibendo solicitudes para a adquisición do dereito de uso destas prazas e para atender a esta demanda, solicitan autorización para poder ceder prazas en uso ata a total cobertura das previstas nos pregos.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adjudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adjudicado á U.T.E. ELOYMAR TRANVIAS, e o lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Os contratos foron formalizados en datas 13 de xuño de 2007 e 10 de outubro de 2007 respectivamente.

Segundo.- A explotación destes aparcadoiros será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Neste senso, esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50% (artigo 2.2 PCAP).

O procedemento para a selección dos residentes e o réxime que rexe a relación entre os residentes e o concesionario está previsto no Título VII do PCAP, que leva por rúbrica “Uso das prazas de residentes”.

Realizadas dúas convocatorias para optar ás prazas de residentes resulta que non se han presentado solicitudes suficientes para cubrir todas as prazas ofertadas.

Terceiro.- O prego de cláusulas administrativas particulares prevé, para esta conxuntura de non cubrirse as prazas reservadas a residentes nos aparcadoiros con estas convocatorias públicas, que o concesionario poida solicitar e ser autorizado para adicar as prazas sobrantes ós seguintes usos: ou ben abono mensual ou anual, ou ben uso público indiscriminado (artigo 107.1 PCAP). É dicir, o solicitar a modificación do uso das prazas reservadas inicialmente a residentes, é unha facultade potestativa do concesionario. Nada impide, en consecuencia, que o concesionario opte por manter como de uso exclusivo por residentes as prazas reservadas para este fin polo prego. Elo nos leva a concluír que non existe ningún precepto no prego de condicións administrativas que impida acceder a solicitude formulada polas empresas concesionarias dos aparcadoiros de manter de xeito indefinido a oferta de cesión de uso de prazas de residentes ata a total cobertura das previstas no mesmo. É máis, a finalidade perseguida polo órgano de contratación á hora de promover a contratación dos aparcadoiros de referencia, era garantir unha praza de aparcamento ás persoas físicas residentes no ámbito de influencia dos aparcadoiros. E se ben, realizada unha primeira convocatoria para cubrir estas prazas de residentes, o non cubrirse a totalidade das mesmas polos residentes nas zonas de influencia de cada un dos aparcadoiros, se procedeu a abrir a convocatoria a calquera persoa, física ou xurídica, titular dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro, ilo se fixo sempre outorgando prioridade ás persoas físicas sobre as xurídicas e dentro das primeiras ós residentes na zona sobre os residentes en zonas máis afastadas do municipio ou residentes noutros municipios limítrofes. E sempre tendo presente o obxectivo primordial de dotar de prazas de aparcamento ás diversas zonas da cidade



onde por mor do aumento do tráfico de vehículos e das sucesivas humanizacións estas resultaban escasas, tanto en beneficio das persoas físicas residentes na zona de influencia como dos titulares de negocios, despachos profesionais ou empresas radicados na mesma, sexan estes persoas físicas ou xurídicas.

Neste senso hai que por de releve que o espírito do prego parece ser manter esta porcentaxe de prazas de residentes, a teor do disposto no 3º parágrafo do citado artigo 107 PCAP, que impón como cláusula obrigatoria nos contratos de abono, que deberá ser aceptada por ambas partes, a anulación do contrato no momento no que o Concello de Vigo facilite un listado de novos solicitantes de prazas de residentes.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., titulares respectivamente dos lotes 1 e 2 da concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, a celebrar contratos de cesión de uso de prazas de residentes dos aparcadoiros dos que son concesionarios.

2º.- ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., deberán dar traslado a esta Administración de todos os contratos de cesión de uso de prazas de residentes que celebren para o seu coñecemento e ós debidos efectos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A MDC INGENIERÍA, S.L., POR DOTACIÓN DE MANDO A DISTANCIA PARA O VEHÍCULO PO-4215-AX. EXPTE. 3222/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MDC Ingeniería S.L. a fianza de 551,88 € constituída para responder da dotación de mando a distancia para o vehículo PO-4215-AX xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

#### **11.- CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O CLUB XUVENIL DE TEIS POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 09/10. EXPTE. 9480/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 31.05.10, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.04.10, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría FEV de Voleibol Feminino pola actividade na tempada 2009/2010.

2º.- Aprobar o gasto de 27.000,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493, con enderezo social na rúa C/Núñez Balboa, 12, 3º dta. en Vigo, e numero de conta corrente: 2091 0567 78 5500000427. Este crédito e con cargo á partida 4521.489.00.11 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2009-2010.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dez

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidente da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis , CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa C/Núñez Balboa, 12, 3º dta. en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9480-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis conta cun equipo de elite que participa na categoría FEV de Voleibol Feminino, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.*

*A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2009/2010.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis mozas teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4521.489.00.11 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 27.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto do equipo de elite da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tempada 2009/2010.

V.- Que a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 9480-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

♦ 2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 27.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.11 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiamento do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2009/2010.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calque outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade

*para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000€ por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas*

contratacións.

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite 2009-2010, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do*

*RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.*

**12.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL NO ANO 2010. EXPTE. 9484/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 31.05.10, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.04.10, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a proposta de resolución de concesión de subvención directa por un importe de 150.000,00 €. a favor da entidade: Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080 0065 34 0040027966 con cargo á partida 4521.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiamento da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado póla Fundación VIDE para o ano 2010.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese publico social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2010, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das

subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 9484-333.

f) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación VIDE, dentro do prazo máximo de tres meses dende a notificación da resolución, deberá de axuntar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doazóns realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

**13.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O “CLUB HALCONES DE VIGO” DE BÉISBOL POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 09/10. EXPTE. 9495/333.**



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.10, o informe de fiscalización do 31.05.10, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.10, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Béisbol Club, para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría División de Honra de Béisbol pola actividade na tempada 2009/2010.

2º.- Aprobar o gasto de 12.000,00 €. a favor da entidade Halcones de Vigo Béisbol Club co CIF: G-36933331 con enderezo social na rúa Curros 17 en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0136.12.0040008843. Este crédito e con cargo á partida 4521.489.00.14 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BÉISBOL CLUB VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2009-2010.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dez*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, dona María Isabel Villar de Dios, como presidenta da entidade Halcones de Vigo Béisbol Club, CIF nº G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9495-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Halcones de Vigo Béisbol Club conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.*

*A entidade Halcones de Vigo Béisbol Club desenvolverá o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2009/2010.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- a) Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- b) Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4521.489.00.14 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.000,00 €, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Béisbol Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto do equipo de elite da entidade Halcones de Vigo Béisbol Club na tempada 2009/2010.

V.- Que a entidade Halcones de Vigo Béisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 9495-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Béisbol Club, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Halcones de Vigo Béisbol Club conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

Primeiro.- A entidade Halcones de Vigo Béisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Béisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Béisbol Club, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Béisbol Club unha subvención por importe de 12.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.14 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiamento do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2009/2010.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite 2009-2010, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

*A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.*

**14.- DEVOLUCIÓN AVAL A “DELFIN TIME, S.L.” POR ORGANIZACIÓN DE EVENTO DEPORTIVO CELEBRADO O 2 DE MAIO DE 2010 NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL. EXPTE. 9547/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 30.000 EUROS, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a Delfin Time S.L., para responder dos danos posibles na Pista de Patinaxe de Samil, pola celebración do FUTBOL PARK DE COCA-COLA, o 2 de maio de 2010, xa que non houbo danos no espazo utilizado.

**15.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DA 5ª CARREIRA FEMININA DE VIGO. EXPTE. 9534/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a El Corte Inglés conxuntamente coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 13 de xuño de 2010, a V Carrera Feminina de Vigo, dita proba terá a saída dende El Corte Inglés ás 11.00 horas e percorrerá as rúas de Gran Vía, Urzáiz, República Argentina, García Barbón, Isaac Peral, AREAL, Oporto, Rosalía de Castro, Inés Pérez de Zeta, Areal, Concepción Areal, As Avenidas, e rematando fronte á piscina do Real Club Náutico.

**16.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL O 12 DE XUÑO PARA ACTIVIDADES DENTRO DO CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE TAEKWONDO. EXPTE. 9581/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Concellería de Deportes a organizar o vindeiro sábado 12 de xuño de 2010, unhas actividades de dinamización na pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración do Campionato Universitario de Taekwondo, estas actividades se comezarán ás 10.00 horas e rematarán as 20.00 horas, en dita pista montaranse 6 tapices de taekwondo e 3 pantallas de vídeo, así como un pequeno stand con material promocional.

**17.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE SANTA MARIÑA EN CABRAL. EXPTE. 9594-333**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear ao arquitecto técnico, D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP.

2º.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, de NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para desenvolver a dirección facultativa das obras.

3º.- A probar o Plan de seguridade e saúde da obra “OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA EN CABRAL”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

4º.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal.

**18.- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS) PARA O FINANCIAMENTO DE BOLSAS DE ESTUDOS INTERNACIONAIS. EXPTE. 11689/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.05.10, o informe de fiscalización do 2.06.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 20.05.10, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre a Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Escola Oficial de Idiomas de Vigo) e o Concello de Vigo para o financiamento das bolsas de estudo “Alcaldía de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro, conforme ao texto redactado polo Servizo Municipal de Educación que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 100,000 euros para o financiamento dos gastos derivados do convenio, con cargo á partida 3210.4890010 “Becas Estudos Internacionais” do vixente orzamento municipal.

*CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO) E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DAS BOLSAS DE ESTUDO “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO*

*En Vigo, a ..... de.....de 2010.....*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local*

*Doutra, \_\_\_\_\_ en representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Escola Oficial de Idiomas de Vigo) (no sucesivo EOI de Vigo),*

*Ámbalas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribiren o presente convenio, e a tal efecto*

*MANIFESTAN*

- A alcaldía de Vigo, consciente da importancia que a formación en linguas estranxeiras ten no desenvolvemento social e cultural de Vigo, reconece á Escola Oficial de Idiomas, radicada neste municipio, como unha institución educativa primordial nesta tarefa formativa. En consecuencia desexa fomentar o seu labor mediante o apoio ao perfeccionamento da capacitación do seu alumnado, mediante o financiamento de Bolsas de Estudo para o desenvolvemento do programa de Estancias Lingüísticas no estranxeiro do alumnado na EOI.*
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, por medio da EOI, ten deseñado e organizado un programa formativo que baixo a denominación de “Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” ten por obxectivo mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do seu alumnado, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.*
- A colaboración entre as dúas institucións nos termos nos que se recolle no presente Convenio, permitirá o financiamento e implementación dese programa formativo mediante a unha dotación económica e axuda institucional por parte do Concello de Vigo*
- O Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2010, aprobado por acordo plenario do 09 de abril de 2010, na partida 3210 489 00 10, creada ao efecto de financiar as bolsas de estudos no estranxeiro para os mellores expedientes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, prevé a dotación de 100.000 euros para a dotación de “Bolsas Estudos Internacionais”*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a cidade de Vigo representa a actividade formativa desenvolvida pola EOI, o Concello de Vigo e a Consellería de*



*Educación da Xunta de Galicia (EOI), conveñen a súa colaboración na concesión de bolsas de estudos no estranxeiro, con base nas seguintes*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*O obxecto do presente Convenio é establecer o alcance e contidos da colaboración entre a EOI de Vigo e o Concello de Vigo para a concesión das bolsas de estudo “Alcaldía de Vigo” ao alumnado cos mellores expedientes académicos da EOI de Vigo para o seu perfeccionamento lingüístico no estranxeiro. O alcance e contido destas Bolsas de Estudos vén recollido no Anexo I ao presente Convenio “Bases e convocatoria das bolsas de estudo “Alcaldía de Vigo” de perfeccionamento lingüístico no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo”.*

### **SEGUNDA.- CONDICIÓNS XERAIS PARA O ACCESO AS BOLSAS**

*As bolsas de estudo están destinadas ao alumnado matriculado na EOI de Vigo cos mellores expedientes académicos dos tres últimos cursos que fixera na EOI de Vigo.*

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO DAS BOLSAS**

*Para o desenvolvemento do programa Estancias no estranxeiro, recollido no Anexo I ao presente convenio, o Concello aportará á Consellería de Educación da Xunta de Galicia (EOI), a cantidade de 100.000 euros destinadas a financiar 80 bolsas de estudo a gozar polo alumnado dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano, por orden numérico, cos mellores expedientes académicos e que serán seleccionados conforme ao procedemento e baremo que se recolle no Anexo I deste Convenio.*

*Cada bolsa de estudo comprende, nos termos recollidos no Anexo I, a matrícula nun curso intensivo nun centro académico do país do idioma en cuestión, o aloxamento nese país e o billete de avión. A manutención da estadía, asistencia médica, equipaxe e asistencia legal serán por conta do estudante.*

### **CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

*Compromisos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (EOI):*

*O programa de Estadías no estranxeiro é un programa elaborado e xestionado integramente pola EOI coas características e contidos que se recollen no ANEXO I deste Convenio. Isto implica a definición dos seus obxectivos e contidos e a coordinación e organización integral das estancias do alumnado en cada país, contactos, acordos e contratos coas institucións educativas de recepción, residencias e axencias de viaxes.*

*A EOI farase cargo de tódolos aspectos organizativos, de xestión económica e loxística do programa definido no Anexo I, convocatoria, selección do alumnado, contratación das actividades formativas, residencia e viaxes, así como da súa xestión económica dende a contratación ao pagamento aos provedores dos servizos implicados no programa.*

*Xa que logo, a EOI de Vigo correrá con todas as reservas e xestión das viaxes, as estadías e os cursos do alumnado no estranxeiro contemplados nas bolsas, contactará co alumnado seleccionado antes e despois do goce das bolsas, xestionará a entrega da documentación e información pertinente ao alumnado, resolverá calquera imprevisto, recollerá os comprobantes xustificativos dos*

*pagamentos realizados e entregaraos, xunto coa conta xustificativa, ao Concello de Vigo, do xeito que se recolle no presente Convenio, organizará as reunións da Comisión Avaliadora e todos os actos necesarios para a realización do programa de estadias no estranxeiro e recepción da documentación xustificativa do alumnado de terse beneficiado axeitadamente da bolsa de estudos.*

*Compromisos do Concello de Vigo:*

- a) Aboar á EOI para o ano 2010, a cantidade de 100.000 euros, destinada a financiar as 80 bolsas de estudo ao alumnado seleccionado pola EOI para os estudos dentro do programa Estancias no Estranxeiro.*
- b) Participar na Comisión de Avaliación encargada de seleccionar ao alumnado que será beneficiario das bolsas de estudo*
- c) Participar nos actos protocolarios de entrega das bolsas de estudo ao alumnado seleccionado;*

#### **QUINTA.- PAGAMENTO**

##### *Pagamento anticipado*

*Coa finalidade de permitir a xestión de reservas que precisan un pagamento anticipado dos provedores, o Concello de Vigo realizará un pagamento anticipado á Consellería de Educación da Xunta de Galicia (EOI) do 50% do total do financiamento, no momento da sinatura do presente Convenio.*

##### *Pagamentos parciais*

*Unha vez xustificado totalmente o 50% anticipado, o 50% restante poderá aboarse á Consellería de Educación da Xunta de Galicia (EOI de Vigo) a medida que se presenten as xustificacións correspondentes -mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente-, dos gastos e pagamentos efectivos realizados para o programa de Estadias no estranxeiro 2010.*

##### *Conta xustificativa final*

*Unha vez rematada a actividade, e en todo caso antes do 30 de decembro de 2010, deberá presentarse por parte da Consellería de Educación (EOI) a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén o Programa de Estadias.*

*A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.*

##### *Documentación xustificativa*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.*

*Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a Consellería de Educación (EOI Vigo) deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada.*

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, o Xefe do Servizo e un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo. Esta Comisión estará presidida pola Concelleira delegada de Educación do Concello de Vigo.*

#### **SÉTIMA.- VIXENCIA**

*Este Convenio terá vixencia no ano 2010, co só obxecto da dotación das Bolsas de Estudos Internacionais dentro do programa de Estadías no estranxeiro da EOI para o curso 2009- 2010. Por acordo expreso das partes, poderá prorrogarse, trala tramitación administrativa que corresponda, para a dotación de Bolsas de Estudos do curso 2010- 2011, que en todo caso realizaríanse no transcurso do ano 2011.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a \_\_\_\_\_ de 2010.*

#### **ANEXO I**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO) E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DAS BOLSAS DE ESTUDO “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO**

**BASES E CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE ESTUDO “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2009- 2010**

#### **Primeira.- OBXECTO**

*A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a selección e adjudicación de 80 Bolsas de Estudo para cursar os estudos dentro dun programa educativo denominado Estancias Lingüísticas, co alcance e características que se definen nas Bases que seguen.*

*A finalidade destas Bolsas de Estudo é mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.*

#### **Segunda.- DESTINATARIOS**

*Alumnado da EOI de Vigo matriculado nos niveis intermedio e avanzado dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano por orden numérico, para o curso 2009- 2010 e que posúa mellores expedientes académicos.*

### Terceira.- DOTACIÓN DAS BOLSAS DE ESTUDO

Cada unha das Bolsas de Estudo inclúe os seguintes conceptos:

- a) *Estadía durante dúas semanas nos países de Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia.*
- b) *Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado en Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia, onde se desenvolverá o programa.*
- c) *Matrícula do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa de clases de 30 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.*
- d) *Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*
- e) *Aloxamento en residencias universitarias ou outras.*

*A manutención, asistencia médica, equipaxe e asistencia legal durante a estadía correrán por conta do/da estudante.*

### Cuarta.- FINANCIAMENTO DAS BOLSAS DE ESTUDO

*O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refiren as presentes bases e convocatoria ascende a 100.000 euros, aportados integramente polo Concello de Vigo mediante o procedemento que se contén no Convenio específico entre esta Administración Local e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Escola Oficial de Idiomas de Vigo).*

### Quinta.- BASES E SOLICITUDE

#### 1. *Adxudicatarios e requisitos*

*Os/as adxudicatarios/as das presentes bases e convocatoria serán os/as alumnos/as da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:*

- ◆ *Ter o empadramento na cidade de Vigo.*
- ◆ *Ser alumnado da EOI de Vigo matriculado en intermedio ou avanzado dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano.*
- ◆ *Ter un dos mellores expedientes académicos dos tres últimos cursos académicos realizados na EOI de Vigo.*
- ◆ *Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.*
- ◆ *Non ter gozado previamente desta axuda*
- ◆ *Estas axudas son incompatibles con calquera outro tipo de axudas similares*

*Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as ou os representantes legais (pai, nai ou titor/a legal) dos/das alumnos/as.*

*As prazas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida nos resultados académicos.*

#### 2. *Número de prazas e destinos*

O programa consta de 80 prazas en total, que se asignarán ao alumnado dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano, a fin de que viaxe á cidade do destino asignado en Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia, onde se desenvolverá o programa.

### 3. Duración da estadía

O programa, de dúas semanas de duración, será na primeira ou segunda quincena de agosto de 2010, dende o domingo da primeira semana da quincena ata o sábado da segunda semana, e dende o domingo de 2ª semana ata o sábado da 4ª os alumnos de inglés. O calendario para este curso será dende o 1 ata o 14 de agosto para todos os idiomas e tamén dende o 15 ata o 28 de agosto para a metade das bolsas de inglés.

### 4. Programa académico

O programa académico dos cursos intensivos comprenderá a utilización eficaz do idioma en situacións cotiás que se reproducen na aula para mellorar as catro destrezas da comunicación (fala, escoita, lectura e escritura), facendo especial fincapé na lingua oral. As leccións estarán planificadas para un aprendizaxe acelerado, con actividades lingüísticas estimulantes en traballo en parellas e grupos pequenos con guías e axudas individuais e discusións de toda a clase. Ao comezo dos cursos avaliarase o nivel do idioma aos/ás participantes para situalos/as na clase que mellor corresponda ao seu coñecemento activo.

Algúns dos centros de idiomas teñen actividades sociais, nos que se recomentan lugares de interese para visitar e incluso se organizan excursións, xa que os cursos fanse en centros urbanos cosmopolitas de prestixio internacional. Igualmente poderían ofrecer programas con algunhas actividades de ocio gratuítas, nas que as veces un membro do centro acompaña ao alumnado.

O aloxamento será en residencias universitarias estudiantís ou similares-

### 5. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída será prioritariamente o de Vigo. No caso de que o aeroporto de saída fose outro, trasladarase ao alumnado a ese aeroporto desde os puntos que se determinen.

### 6. Obrigacións dos/das beneficiarios das bolsas de estudo

Os/as beneficiarios/as deberán responder con dedicación e aproveitamento ás esixencias académicas do curso que fagan no país do idioma en que se concede o premio. Tamén é moi recomendable que aproveiten o tempo libre para obter un coñecemento máis profundo da cultura do idioma en cuestión.

Unha vez rematada a estancia, os/as premiados/as deberan acreditar a súa realización, no prazo de un mes dende a data de finalización do programa, presentando un xustificante expedido polo centro no que realizou o curso. Poderán presentar copia compulsada en lugar do documento orixinal. Tamén se lles pedirá a asistencia a actos ao regreso, nos que exporán as súas experiencias no estranxeiro, segundo o disposto na cláusula décimo primeira.

### Sexta.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación da presente convocatoria realizarase a través do taboleiro de anuncios da EOI e da páxina web da EOI de Vigo <http://eoidevigo.org/>. A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou

lista de agarda), será publicada nos mesmos lugares unha vez resolta a convocatoria.

Na páxina web da EOI atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 24 de maio ao 4 de xuño de 2010, ambos inclusive. A publicación provisional das listas será o día 10 de xuño. Ata o 14 de xuño será o prazo para reclamacións. A lista definitiva publicarase o 17 de xuño. A resolución definitiva da convocatoria publicarase o día 25 de xuño. O mesmo día 25 de xuño ás 12.30 horas o alcalde de Vigo, don Abel Caballero fará entrega oficial das bolsas cun acto na Aula Magna da EOI, no que participará o alumnado seleccionado.

#### Sexta.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os impresos de solicitude e demais formularios para participar nesta convocatoria estarán a disposición dos/das interesados/as na Conserxería da EOI de Vigo, no enderezo Martínez Garrido nº 17 (36205 Vigo), e na súa páxina web. A solicitude deberá ser asinada polo solicitante ou, de ser o caso, polo representante legal (pai, nai ou titor/a legal).

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberase entregar a antedita solicitude e, se fora o caso, demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, na EOI de Vigo, no enderezo Martínez Garrido nº 17 (36205 Vigo).

A presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web da EOI, web municipal así como nos taboleiros de anuncios do centro.

#### Documentación que se deberá acompañar á solicitude

1. Volante de empadramento no Concello de Vigo.
2. Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polo solicitante, segundo modelo que figura no Anexo I.
3. Fotocopia do DNI do solicitante ou pasaporte ou, de ser o caso, do seu representante legal (pai, nai ou titor legal) que asina a autorización do Anexo II.
4. No caso necesario, autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no Anexo II e tamén a autorización de saída de territorio.
5. Fotocopia da última declaración da renda de tódolos membros da Unidade familiar ou certificado de estar exento pola Axencia Tributaria. Aqueles que non presenten esta documentación, non serán valorados no caso de que resulten empatados na puntuación académica.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

#### Sétima.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O criterio único de selección será o expediente académico na Escola Oficial de Idiomas de Vigo. A puntuación conforme a cal, de maior a menor, se adxudicarán as Bolsas de Estudo será a cualificación resultante da media das cualificacións finais obtidas nos tres últimos cursos académicos realizados na EOI de Vigo.

*Non embárgante, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda.*

*As prazas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases, aos 80 mellores expedientes entendidos como aqueles que obteñen unha cualificación media maior nos tres últimos cursos realizados na EOI. Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista ordenada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada.*

#### Oitava.- COMISIÓN AVALIADORA

*A Comisión Avaliadora estará integrada pola Directora da EOI, que actuará como presidenta, e polos seguintes membros da comunidade docente da EOI de Vigo: a Vicedirectora, os Xefes ou Xefas dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano e profesorado dos mesmos Departamentos e por un representante do Concello de Vigo, nomeado polo Alcalde.*

*Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación neste programa, tendo en conta os criterios contidos nesta convocatoria.*

#### Novena.- CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS PRAZAS

*Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, a EOI de Vigo, conforme aos informes da Comisión de Avaliación, aceptará a resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://eoidevigo.org/>, web municipal e no taboleiro de anuncios do centro.*

*Unha vez publicados os resultados das probas do curso académico correspondente e reunida a Comisión Avaliadora, a listaxe do alumnado premiado farase pública cun acto oficial na Aula Magna da EOI o día 25 de xuño ás 12.30 horas.*

#### Décima.- ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

*O alumnado que resulte seleccionado, deberá presentar na EOI de Vigo nun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na web e taboleiro da EOI da concesión da bolsa, un acordo asinado no que acepta as condicións das Bolsas de Estudo e no que se compromete a asistir e participar nos actos que, relacionados cos mesmos, a EOI de Vigo estime convenientes. A entrega oficial das Bolsas de Estudo será o 25 de xuño ás 12.30 horas na Aula Magna.*

*Aínda que se teña aceptado a bolsa de estudo coa sinatura do documento mencionado no parágrafo anterior, todo/a aquel/a alumno/a beneficiario/a que catro semanas antes da data de saída da viaxe programada, non teña presentado na EOI de Vigo a documentación necesaria para a realización da viaxe, perderá a Bolsa e, en consecuencia, a praza adxudicada será ofertada ao alumnado suplente*

*por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.*

**Décimo primeira.- DISPOSICIÓN ADICIONAL**

*As persoas solicitantes, tal como vén recollido no Anexo I, autorizan expresamente á EOI de Vigo á inclusión e publicidade dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.*

*Segundo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a EOI de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as adxudicatarios/as, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as adxudicatarios/as e da súa publicación na citada páxina web.*

*A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.*

**Décimo segunda.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

*A eficacia e concesión definitiva das Bolsas de Estudo para o curso 2009- 2010, queda condicionada á resolución final do expediente de Convenio específico de colaboración que tramitan o Concello de Vigo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Escola Oficial de Idiomas) para o financiamento e dotación destas Bolsas.*

**Décimo terceira.- DISPOSICIÓN FINAL**

*Todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será decidido pola Comisión Avaliadora.*

**19.- BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-ENTIDADES LOCAIS NO ANO 2010. EXPTE. 6978/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.05.10, o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 29.04.10, conformado polo xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e o concelleiro de Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de selección dos/as traballadores/as desempregados e contratación laboral temporal, de duración determinada e interese social, no marco dos Programas de Cooperación coa Xunta de Galicia para o ano 2010, subvencións que están destinadas a accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de traballadoras e traballadores desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral. Bases condicionadas en todo caso as resolucións aprobatorias da subvencións da Xunta de Galicia e a aceptación das mesmas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.



2º.- As/os traballadoras/es que se contraten para a realización das obras e servizos e polas/os que se outorgue subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Publico de Emprego de Galiza e estar dispoñibles para o emprego.

Excepcións.- Con carácter xeral os traballadores/as que, no marco dos programas previstos nesta orde, fosen contratados por un período superior aos nove meses nos últimos tres anos, non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos contados dende o último contrato subvencionado no dito marco.

3º.- Ofertas de Emprego.- O Concello de Vigo, unha vez aceptadas as subvencións, solicitará as/os traballadores que correspondan, de acordo coas características das resolucións aprobatorias das ditas subvencións da Xunta de Galicia, mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder a codificación prevista no Catálogo Nacional de Ocupacións-CNO-, de conformidade cos seguintes principios xerais:

- a) A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferentes establecidos no parágrafo seguinte ou se trate de favorecer aos colectivos enumerados neste.
- b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse coma criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.
- c) Os criterios de emparellamento son entre outros os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión e aqueles que fixe a vixente lexislación en materia de selección e contratación de persoal.
- d) O Concello presentará as ofertas de traballo cunha antelación mínima de 15 días hábiles a data prevista para realizar as correspondentes contratacións

A Oficina de Emprego, unha vez realizada a sondaxe de demandantes atendendo a maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible o número de persoas candidatas por posto de traballo, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez.

4º.- Valoración.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, e se valorarán do seguinte xeito:

Muller: 0,7.- puntos, no caso de ser muller desempregada.

1,5.- puntos, aquelas que acrediten a condición de vítimas da violencia.

Idade:

De 16 a 29 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

Primeiro Emprego: 0,5 punto os demandantes de primeiro emprego.

Desemprego de longa duración: 0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).

Discapitados/as: 0,5 puntos, cunha minusvalía igual ou superior ao 33 % e debidamente acreditada mediante certificado correspondente e sempre que a discapacidade sexa compatible co desempeño do posto de traballo.

Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito: 0,5 punto

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia: 0,5 puntos.

Excepcións.- Excepcionalmente, segundo a orde da Consellería de Traballo reguladora das bases que rexen ditas subvencións, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa do respectivo xefe territorial da Conselleira de Traballo e Benestar, puideran utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

5º.- As probas prácticas específicas e/ou entrevista persoal, relacionadas coas funcións e tarefas dos postos de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos.

6º.- Outras valoracións.- Ademais, para todos os postos excepto para os peóns ( por ser postos que non necesitan cualificación), teranse en conta os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada as funcións e tarefas de cada posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 2 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4

300 ou máis	0.5

- Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoraranse ata un máximo de 1 punto.

7º.- Requisitos imprescindibles.- Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar.

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Así mesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Estar en posesión da titulación que se fixe para cada posto de traballo.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

8º.- Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colexiado, e estará composto por cinco membros, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, que ten solo voz, e comparecerán a título individual e cumprindo todos eles co estipulado no art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A comisión de selección poderá nomear -asesores especialistas na materia-, que comparecerán a título individual, que actuarán con voz e sen voto.

#### Composición:

- \* Presidente: O Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

Corresponde ao Presidente acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

- \* Secretario: Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretario/a, que actuará con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos, preferentemente, de habilitación nacional ou tco/a. de Admón. Xeral/Especial, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

- \* Vocais:

- \* O Xefe/a do Servizo municipal encargado da execución de cada memoria.

- \* Dous funcionarios/as do Concello de Vigo, ou dos seus organismos autónomos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, simultaneamente cos titulares e suplentes correspondentes, todos, incluídos os asesores, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprir co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público en canto a súa composición e funcionamento.

Así mesmo, os/as integrantes da comisión de selección deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Os aspirantes tamén poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O Órgano de Selección contará co asesoramento e asistencia técnica-administrativa de apoio,

da Técnica de Organización e X. de Recursos Humanos, adscrita ó Servizo de Emprego.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as polo Servizo Público de Emprego e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase acta co listado definitivo do persoal seleccionado que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada posto.

Lista de substitucións.- Os aspirantes que superen tódalas probas do proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións, aos efectos de poder ser contratados temporalmente, para os casos de vacantes por renuncias, baixas, nos programas de emprego.

9º.- Contratación, modalidade e duración.- A modalidade de contratación será de “duración determinada de interese social” e facendo constar a indicación de programas de cooperación Xunta de Galicia-contratos que deberán formalizarse, no prazo e termos establecidos na resolución concedente da subvención e sempre tendo en conta a vixente lexislación aplicable en materia de contratación de persoal laboral temporal ao servizo da Administración Local, o EBEP e demais lexislación concordante na materia.

Os contratos formalizados comunicaranse por escrito á oficina de emprego.

En relación coa duración dos contratos, condicionada a vindeira resolución aprobatoria da Consellería de Traballo, terase en conta ademais o límite disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE Nº 141, mércores do 14 de xuño do 2006) en canto a prohibición legal do encadeamento dos contratos laborais temporais, que fixa unha duración máxima de 24 meses nun período de 30, sexa ou non o mesmo contratos e para o mesmo posto de traballo, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda.

Os traballadores cesarán na data que remate a memoria en cooperación e correspondente obra ou servizo de interese social e xeral subvencionada, para a que foron contratados e desempeñarán as funcións e tarefas de cadanseu posto de traballo e sempre de acordo cos obxectivos que correspondan a cadansúa obra ou servizo, en ningún caso destinaranse a realización doutras tarefas.

Unha vez finalizado o proceso de selección, procederase a formalización da contratación pola Alcaldía Presidencia, a través do servizo de Recursos Humanos, baixo a modalidade de duración determinada de interese social, respectando a resolución aprobatoria da subvención e sempre de acordo coa normativa de vixente aplicación en materia de contratación de persoal laboral temporal o servizo do Concello de Vigo. En ningún caso se formalizará a contratación con aquelas persoas que non cumpran o estipulado neste apartado e os requisitos que esixa o Servizo de Recursos Humanos, de acordo coa lexislación e normativa vixente de aplicación, circunstancia da cal infórmase a todos eles.

10º.- Retribucións.- As retribucións serán as contempladas no Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2009-2011.

11º.- A xornada laboral será de 37,5 horas/semanais e horario sempre de acordo coas necesidades do servizo.

**20.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA POR IMPORTE DE 14.279 EUROS A FAVOR DE MONGRAF, S.L., POR SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5137/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.05.10, e de acordo co informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor técnico no Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e cascos históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de MONGRAF, S.L., CIF B-36958411, na contía de 14.279,00 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2010, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor MONGRAF, S.L., CIF .B-36958411 , polo importe de 14.279,00 €, correspondentes á factura seguinte:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5136/551	V	A/3401	14/04/10	12.309,48 €	1.969,52 €	14.279,00 €

3º.- Ordenar o pago a favor de MONGRAF, S.L., CIF B-36958411 polo devandito importe de 14.279,00 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

**21.- SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE REFORZO DE PIARES NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5143/551.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo, do 3.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de reforzo de piares na praza do Progreso elaborado por D<sup>a</sup>. María de las Mercedes Fernández Díaz, cun orzamento de contrata de 57.936,91 € (base imponible 49.945,61 IVE 7.991,30 €).

2º.- Nomear responsable do proxecto a Miguel a. Pola Tombo, asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo.

**22.- CONVALIDACIÓN DE GASTO DA XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS EN TOYSAL, CORRESPONDENTE ÓS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2010. EXPTE. 2718/252**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 20.05.10, conformado pola concelleira delegada dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo nos meses de marzo e abril do ano 2010 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.

2º.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 30.508,80 euros, IVE engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada nos meses de marzo e abril do 2010.

3º.- Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620.2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

**23.- SOLICITUDE DE AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIO-ECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. EXPTE. 7066/306.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 28.05.10, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar ao abeiro da orde do 26 de abril a concesión dunha subvención para a organización de actividades de coñecemento, promoción e concienciación ambiental no entorno natural do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, dende rutas guiadas por persoal experto para difundir á poboación infantil da importancia e relevancia das Illas Cíes, a organización de campamentos e observatorio nocturno das estrelas e a creación dunha Axenda Ambiental.

2º.- Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo a representación para subscribir a solicitude.

**24.- PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA “PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRO, COLOCACIÓN, CONSERVACIÓN, RETIRADA, REPOSICIÓN E SUBSTITUCIÓN DA SINALIZACIÓNS FIXA VERTICAL E MARCAS VIAIS DA ORDENACIÓN DA CIRCULACIÓN NA REDE MUNICIPAL DE VIGO”. EXPTE. 74838/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.10, o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro técnico do 18.05.10,

conformado polo xefe de Área e o concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares incluíndo as FEC(Follas de especificación do contrato) correspondentes que se achegan no expediente para a contratación polo procedemento aberto da PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE SUBMINISTRO, COLOCACIÓN, CONSERVACIÓN, RETIRADA, REPOSICIÓN E SUBSTITUCIÓN DA SINALIZACIÓN FIXA VERTICAL E MARCAS VIAIS DA ORDENACIÓN DA CIRCULACIÓN NA REDE MUNICIPAL DE VIGO.

2º.- Autorizar un gasto para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO con cargo á partida orzamentaria 2010 1330 2279902 por un importe total de 112.500 euros para o ano 2010 e 450.000 para 2011, 2012, 2013 e 337.500 € para o ano 2014.

3º.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**25.- CONVALIDACIÓN DE GASTO A VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A., POR SERVICIO DE LANZADEIRAS DO MES DE XANEIRO DE 2010 POR IMPORTE DE 113.087,85 EUROS. EXPTE. 77957/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Transportes, do 3.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por validación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. por un importe de 113.087,85 €, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, durante o mes de xaneiro do presente ano, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposto Xeral para o exercicio 2010, con cargo á partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzadeiras".

2º.- Recoñecer a débeda a favor de "VITRASA" por un importe total de 113.087,85 €, polos conceptos antes indicados, e con cargo á partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzadeiras" do Presuposto Xeral vixente.

**26.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DA SUPERVISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO CASTO HISTÓRICO DE VIGO. EXPTE. 5651/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 1.06.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:



- 1.- Nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García, enxeñeiros municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como supervisores técnicos municipais das obras de renovación do alumeado público para o aforro enerxético no Casco Histórico de Vigo.
- 2.- Nomear a Fernando José Vega Pla, en representación da empresa EAM, como coordinador de seguridade e saúde para as obras de renovación do alumeado público para o aforro enerxético no Casco Histórico de Vigo .
- 3.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de renovación do alumeado público para o aforro enerxético no Casco Histórico de Vigo, informado favorablemente por Fernando José Vega Pla, en representación da empresa EAM.

**27.- DESAFECTACIÓN, VENDA PÚBLICA E INUTILIZACIÓN DE ARMAS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34326/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 17 de abril emitido polo superintendente xefe da Policía Local coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe de data 27 de maio emitido polo asesor xurídico da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Desafectar do servizo público da Policía Local as 12 armas de fogo relacionadas nos anexos I e II.

Segundo.- Autorizar ao Servizo de Intervención de Armas da Guarda Civil de Vigo para a venda pública das 6 armas referenciadas no anexo II.

Terceiro.- Conservar como bens patrimoniais as 6 armas de fogo relacionadas no anexo I, previa a súa inutilización por armeiro autorizado coa correspondente certificación emitida para ese efecto pola de Intervención de Armas da Garda Civil.

Cuarto.- Autorizar ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade para levar a cabo as actuacións necesarias para a inutilización das 6 armas de fogo relacionadas no anexo I.

Quinto.- Unha vez practicada a inutilización, deberase dar conta á Xunta de Goberno Local, elevando á mesma a correspondente proposta sobre o destino efectivo dos bens así conservados.

ANEXOS I e II  
ANEXO I (INUTILIZACIÓN)

ARMA	CLASE	MARCA	NÚM. SERIE
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1062162
OFICIAL	PISTOLA	SMITH&WESSON	711942
OFICIAL	PISTOLA	LLAMA	718505
OFICIAL	PISTOLA	STAR 30PK	1700204
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA A50	G0131

OFICIAL	REVOLVER	LLAMA	850789
---------	----------	-------	--------

ANEXO II (POXA)

ARMA	CLASE	MARCA	NÚM. SERIE
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638125
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	638131
OFICIAL	PISTOLA	ASTRA	1201882
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R389514
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R412042
OFICIAL	REVOLVER	ASTRA	R373358

**28.- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 05.04.10. EXPTE. 34327/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 1 de xuño emitido polo superintendente xefe da Policía Local coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda

Primeiro.- O apartado 5.1. do prego de prescricións técnicas do 30 de marzo de 2010, contido no expediente 33891-212, pasa ter a seguinte redacción:

**5.1 HABITÁCULO DIANTEIRO.**

Os asentos dianteiros deberán ser nas súas dimensións exteriores iguais aos orixinais que equipe o vehículo non impedindo a súa regulación e inclinación que o asento traia de serie, coas seguintes características:

- O respaldo do asento terá unha forma no seu parte inferior que permita que o usuario acomódese co cinto policial colocado e que ao mesmo tempo lle permita que a parte central das costas apóiese completamente, todo iso do xeito máis ergonómica posible e que facilite a entrada e saída do vehículo, tendo en conta o equipamento que leva o funcionario na súa dotación policial (pistola e o seu correspondente funda, porta cargador, grilletes, porta defensa, etc...)
- O respaldo disporá de regulación en altura. O percorrido mínimo do respaldo será de 120 mm.
- Así mesmo, a parte inferior do respaldo do asento disporá dunha regulación lumbar en toda a súa lonxitude, de tal forma que o oco existente para facilitar o aloxamento do equipamento persoal antes descrito, pódase aumentar ou diminuír a criterio do usuario. O percorrido será tal que permita que na súa posición máis adelantada a butaca manteña a súa forma orixinal e na posición máis atrasada permita a localización da aludida dotación policial que leva o funcionario.
- A espuma do asento será da mesma densidade, resistencia e calidade que a orixinal. O tapizado da zona inferior do respaldo, deberá ser dun material cunha gran resistencia ao desgaste, debido ao rozamento diario do equipamento policial.

- O asento ha de estar ensaiado segundo a normativa vixente para ser montado no modelo do vehículo seleccionado, en concreto segundo a Directiva 96/37 CEE referente á resistencia dos asentos e as súas ancoraxes, e no seu caso, de ser de aplicación, por verse afectada a homologación de orixe, a Directiva 96/38 CEE referente á resistencia das ancoraxes dos cintos. Os ensaios han de estar realizados e aprobados por un laboratorio debidamente acreditado.

Segundo.- O presente acordo será obxecto de publicidade nos termos previstos no art. 126 da Lei 30/07 de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Fíxase un período de 15 días adicionais respecto da data sinalada como límite para presentación de ofertas e solicitudes de participación.

**29.- MODIFICACIÓN NA EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 3 DOS DE VIGO, NO PROCEDIMENTO Nº 4/2010, SOBRE DESPIDO, DE Dª ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19833/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 25.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 20 de maio de 2010, o Ministerio de Traballo e Inmigración-Servizo Público de Emprego , remite a este Concello comunicación de responsabilidade empresarial de prestación por desemprego de Dª Mª Isabel Pérez Rodríguez, beneficiaria de prestacións por desemprego polo cese nesta empresa, que foi readmitida por resolución xudicial.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10 de maio de 2010, adoptou acordo polo que se procedeu a dar cumprimento á sentenza nº 156/2010 2010do Xulgado do Social Nº 3, nos autos 4/2010 seguidos a instancia de Dª Isabel Pérez Rodríguez de despido, facéndose efectiva a readmisión o día 12 de maio de 2010.*

*Así mesmo, no dito acordo incluíase o abono dos salarios de tramitación ao obxecto de facelos efectivos na nómina do mes de maio, segundo o seguinte desglose:*

2009	CNAE	SS. Empresa	SS.Trabaj.	IRPF	A percibir
	2,00%	29,90%	6,35%	15%	
3.082,70	61,65	921,73 €	195,75 €	462,41 €	2.424,54 €
2010	1,65%	29.90%6	6,35%	15%	
6.856,35	113,13	2.050,05	435,38	1.028,45	5.392,52 €

*reclamaríasenos directamente a contía percibida como beneficiaria de prestación por desemprego.*

*Por isto corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a*

Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Como consecuencia da entrada de nova documentación, comunicación de responsabilidade empresarial de prestacións por desemprego, procede modifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2010 de execución de sentenza do Xulgado do Social Nº 3 de Vigo no procedemento 4/2010, sobre despido de Isabel Pérez Rodríguez.

Segundo.- Os importes correspondentes a salarios de tramitación son os que figuran no apartado terceiro de dito acordo da Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte desglose: Os cales non se fixeron efectivos debido a que pola interesada puxose en coñecemento a circunstancia de que polo Servizo Público de Emprego Estatal

2009	CNAE	SS. Empresa	SS.Trabaj.	IRPF	A percibir
	2,00%	29,90%	6,35%	15%	
3.082,70	61,65	921,73 €	195,75 €	462,41 €	2.424,54 €
2010	1,65%	29.90%6	6,35%	15%	
6.856,35	113,13	2.050,05	435,38	1.028,45	5.392,52 €

Terceiro.- Do importe total 7.817,06 € que debería percibir a interesada, deberán descontarse 5.097,19 € (prestación por desemprego), co que deberá facerse efectiva na nómina do mes de xuño de Dª Isabel Pérez Rodríguez a cantidade de 2.719,87 €.

Cuarto.- Proceder a ingresar na conta de recursos diversos da Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social en Caja Madrid, 5.097,19 €

Entidade	Oficina	D.C.	Nº Conta	Importe
2038	4016	93	6000056419	5.097,19 €

Concepto: “Responsabilidade Empresarial-Inem”

Ordenante del ingreso: Concello de Vigo, Código Conta Cotización: 36/101171121, Traballador Causante: Mª Isabel Pérez Rodríguez, DNI: 36.088.703-R.

Unha vez se realice o ingreso deberá ser remitido ao Servizo de Recursos Humanos xustificante ao obxecto de ser comunicado ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 19859/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Florentino Prieto Domínguez, que ascende a un total de 154,19 euros, correspondente ao mes de Abril de 2010 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**31.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 19860/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de ABRIL-2010, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.10.151.00.00-Gratificacións.

**32.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 19861/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova

Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Abril-2010, e que ascenden a un total de 1.179'36 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**33.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 19862/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de ABRIL-2010 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**34.- NOMEAMENTO INTERINO DE SEIS INTERINOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 19875/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Organización e Planificación de RR.HH, do 25.05.10, co conforme da xefa do servizo e do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e do informe do técnico de Intervención de data 28.05.10, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería contidas no escrito de data 8 de outubro de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 62.469,54€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. ALEJANDRO OCAMPO CARDALDA, DNI 76.984.626-Z, D<sup>a</sup>. ISABEL GONZÁLEZ SANCHEZ, DNI 36.151.568-F, D<sup>a</sup>. ROCÍO ALONSO JORGE, DNI 36.115.017-A, D<sup>a</sup>. VANESA OCAMPO CARRACELAS, DNI 36.172.470-W, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, DNI. 36.131.322-R e D. IGNACIO DE LOYOLA CAMPOS POSADA, DNI 36.062.422-D, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005,

de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, subalterno/a, sendo adscritos ao Servizo de Conserxería (cód. 201)”.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **35.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTES Ó MES DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 19833/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de xestión, do 2.06.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 8.236.10 €. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-OSPIO, Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Benestar Social, Museo Castrelos, Parque Móbil, Montes, Parques e Xardíns, Inspección de Tributos, igualdade e contratación, correspondentes ao mes de abril 2010, aínda que tamén se inclúen algúns de meses atrasados con cargo á clasificación económica do orzamento 2312000 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	223,44
1550	Vías e Obras-OSPIO	3.654,21
1330	Mobilidade e Seguridade	656,83
9220	Conserxería	634,03
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	230,32
1640	Cemiterios	9,12

2310	Benestar Social	24,89
3330	Museo de Castrelos	80,94
9222	Parque Móbil	203,15
1710	Montes, Parques e Xardíns	187,53
9310	Inspección de Tributos	1.609,11
2311	Igualdade	54,49
9226	Contratación	668,04
	TOTAL	8.236,10

**36.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA”. EXPTE. 1376/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA .**

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA ( ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA .**

3.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: **ÁLVARO CRESPO CASAL Y JORGE MUÑOZ RAMA**

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE, SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.-FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**37.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS,**



**RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS DOUTOR CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E LÓPEZ DE NEIRA), RÚA LUGO E RÚA PERÚ”. EXPTE. 1377/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICACIA LUMÍNICA NAS RÚAS DOUTOR CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E LÓPEZ DE NEIRA), RÚA LUGO E RÚA PERÚ** .

2.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICACIA LUMÍNICA NAS RÚAS DOUTOR CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E LÓPEZ DE NEIRA), RÚA LUGO E RÚA PERÚ** .

3.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: **ÁLVARO CRESPO CASAL e JORGE MUÑOZ RAMA**

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**38.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMÁS A. ALONSO (CURVA DE SAN GREGORIO)”. EXPTE. 1378/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMAS A. ALONSO (CURVA DE SAN GREGORIO)** .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMAS A. ALONSO (CURVA DE SAN GREGORIO)** .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**39.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO”. EXPTE. 1379/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ESPINA OBRAS HIDRAÚLICAS, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**40.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PÍ Y MARGALL, ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E CHILE. EXPTE. 1380/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PI Y MARGALL, ENTRE PASEO ALFONSO XII E CHILE .**

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PI Y MARGALL, ENTRE PASEO ALFONSO XII E CHILE .**

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: **ÁLVARO CRESPO CASAL e JORGE MUÑOZ RAMA**

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**42.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUIZ-PINTOR E CAMELIAS”. EXPTE. 1382/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 1.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUÍZ E CAMELIAS .**

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO,**

SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUÍZ E CAMELIAS .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ e D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ORECO, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**43.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUIZ-PINTOR”. EXPTE. 1383/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ-PINTOR .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ-PINTOR .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MOVEX VIAL, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**44.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO, ENTRE ISABEL A CATÓLICA E URZÁIZ”. EXPTE. 1384/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO, ENTRE ISABEL A CATÓLICA E URZÁIZ** .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO, ENTRE ISABEL A CATÓLICA E URZÁIZ** .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: **ÁLVARO CRESPO CASAL e JORGE MUÑOZ RAMA**

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria **MOVEXVIAL, S.L.** , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**45.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS SANTO DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR”. EXPTE. 1385/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra **INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA STO. DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR** .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra **INSTALACIÓN DE REDE**

SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA STO. DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**46.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “REHABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA TOMÁS A. ALONSO”. EXPTE. 1397/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra REHABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA TOMÁS ALONSO .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra REHABILITACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA TOMÁS ALONSO .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e BEATRIZ ALONSO ASENJO

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria PARAXE CONSTRUCCIONES, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**47.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN**

**FACULTATIVA DA OBRA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ”. EXPTE. 1398/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Área dos Servizos Xerais do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE ESCOLA INFANTIL. DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ .

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE ESCOLA INFANTIL. DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ .

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: ÁLVARO CRESPO CASAL e BEATRIZ ALONSO ASENJO

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria PARAXE CONSTRUCCIONES, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**48.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI DE BOUZAS APR A-3-35 PXOM VERSIÓN V-2. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11705/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.05.10, conformado polo arquitecto municipal, director da Oficina de Planeamento-Xestión e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) de Bouzas foi definitivamente aprobado en sesión plenaria do 30.09.2002 (Exp. 5826/411; DOG nº 225, do 21.11.2002; BOP nº 216, do 11.11.2002), xunto coa modificación puntual do PXOU-93 relativa a este ámbito (Exp. 5165/411; DOG nº 228, do 26.11.2002). A súa normativa foi integramente publicada no BOP nº 216, do 11.11.2002.*

*I.2. De acordo co informe-proposta do arquitecto municipal, Director da Oficina de Planeamento – Xestión e da TAX do 23.02.2009 e mediante Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24.02.2009 decretouse a incoación do procedemento para a tramitación da modificación puntual do PEPRI de Bouzas para a súa adaptación ó PXOM vixente, encomendando a esta Oficina a realización das actuacións procedentes.*

*I.3. En cumprimento do disposto no capítulo II da L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, remitiuse o 10.03.2009 á CMATI – Dirección xeral de Desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia copia da anterior Resolución e un exemplar do Documento de inicio da AAE da modificación puntual do PEPRI de Bouzas – APR A-3-35 do PXOM, redactado nos termos e condicións do Art. 18 da L.9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e*

programas no medio ambiente, a fin de instar a tramitación da consulta previa prevista no seu Art. 4, por tratarse dun suposto de modificación menor dos contemplados no Art. 3.3.b) da L.9/2006, que podería exceptuarse do procedemento de AAE, como en efecto así se dispuxo mediante Decisión de data 26.06.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 16.07.2009 (Doc. nº 90106319), publicada no DOG nº 155, do 10.08.2009.

I.4. Mediante oficios asinados polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en data 07.10.2009, e con carácter previo á aprobación inicial, recabáronse os informes sectoriais da Administración, estatal e autonómica, de Costas (Art. 117.1 L.22/1988 e 210.1 RD.1471/1989), pola colindancia do ámbito co dominio público marítimo terrestre estatal e coa zona de servidume de protección; informes que foron recibidos en datas 02.12.2009 (Doc. nº 90175118, Costas – Estado) e 24.03.2010 (Doc. nº 100041852, Costas – Xunta), éste último fóra de prazo.

I.5. Recabouse tamén o informe, de data 23.06.2009, do Departamento municipal de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo sobre os sentidos de circulación viaria e as previsións de peonalización previstas na área de Bouzas.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LC (L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas).
- RC (RD.1471/1989, do 1 de decembro, Regulamento da Lei de Costas).
- D.158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo.
- L.8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- D.232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- ◆ LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ◆ LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ◆ LRY-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- ◆ RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- ◆ RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- ◆ RHU (RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística).
- ◆ Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- ◆ PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- ◆ PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A clasificación do solo incluído na delimitación do PEPRI de Bouzas é a de urbano,



diferenciando o PXOM unha parte de SUC, con Ordenanza directa 1, e outra como SUNC, denominada «APR A-3-35»; categorización de solo coincidente coa que xa recollera a modificación puntual do PXOU-93 e o PEPRI, aprobados definitivamente o 30.09.2002.

III.2. O documento da modificación puntual do PEPRI de Bouzas que agora se tramita fórmase, de oficio, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, órgano competente na orde urbanística, e foi redactado por facultativos da Oficina de Planeamento – Xestión con titulación universitaria axeitada e suficiente (Arts. 83.1 e 84.1 LOUGA).

III.3. Tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

- ◆ Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial).
- ◆ Localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.
- ◆ Reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior.

III.4. Ademais, introdúcense no documento pequenas modificacións que permiten adaptar o PEPRI á nova lexislación urbanística suprimindo as unidades reparcelatorias previstas en SUC, modificar puntualmente a súa normativa de usos e adaptala á terminoloxía do PXOM vixente, incorporar determinadas precisións sobre a lexislación sectorial de costas (p.ex. introdución do novo deslinde do DPMT) e correccións de detalle da ordenación detectadas no tempo de vixencia deste planeamento.

Así, por exemplo, débuxase correctamente a liña de respecto arqueolóxica definida no novo PXOM (Planos 9-H e 10-H), que amplía a que figuraba no PEPRI de 2002, modificándose puntualmente a normativa aplicable nesta materia no sentido indicado na Memoria. Tamén se formula unha nova proposta de mellora do tráfico rodado (restrinxido) e peonil, de estacionamento no ámbito e de deseño viario.

III.5. Consta no seu Anexo 5 do Documento 3 (Anexos) o informe-resposta dos servizos técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión ós informes sectoriais previos á aprobación inicial do expediente emitidos pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do MARM e pola Secretaria xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia ós que se aludiu no Apdo. I.4. de “Antecedentes”. As correccións derivadas do cumprimento das observacións destas Admons. figuran xa integradas no documento (Versión V.2) que se pretende aprobar inicialmente.

III.6. O actual PXOM de Vigo incorporou o PEPRI de Bouzas na súa integridade («A ordenación deste ámbito remítese ao PEPRI II-09 (PEPRI de BOUZAS) con aprobación definitiva do 30 de Setembro de 2001, integramente asumido polo Plan Xeral»), pero tamén posibilita que se modifique puntualmente para acadar os obxectivos antes indicados, para o que acompaña unha ficha específica na que se subliña a existencia de determinar unha «reserva mínima de solo apta para a implantación do 20% da edificabilidade residencial que haberá de adicarse a vivenda sometida a algún réxime de protección pública... ».

III.7. Ademais, de acordo co propio PXOM (Art. 9.1.3. NNUU PXOM) o feito de que acepte plenamente o contido, determinacións e regulación dos PEPRI non obsta para que a posible modificación dalgunha das súas determinacións deba considerarse: «só como modificación dos mesmos, sen que, polo tanto, poidan ser interpretadas como modificación do Plan Xeral».

III.8. A presente modificación puntual axústase nas súas determinacións e documentación ó establecido na LOUGA e no RPU. Constan ademais, debidamente xustificadas, as razóns de interese público nas que toda modificación de planeamento urbanístico debe fundamentarse (Art. 94.1 LOUGA), entre as que se citan: a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, o desconxestionamento urbano, a mellora da articulación

dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a creación de novas dotacións urbanísticas públicas, a resolución de problemas de circulación, etc.

III.9. Canto ó procedemento a seguir, a tramitación desta modificación puntual do PEPRI de Bouzas suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (Art. 93.4 LOUGA). En concreto, será de aplicación o procedemento prescrito no Art. 86 da LOUGA, que na redacción dada a este precepto pola L.2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, dispón o seguinte:

- ◆ O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un (1) mes e como máximo durante dous (2) meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.
- ◆ Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun (1) mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.
- ◆ A seguir, os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada (así como das alegacións que, de ser o caso, se presenten).
- ◆ Se con posterioridade ó trámite de información pública, se pretendesen introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- ◆ Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o Concello procederá á súa aprobación definitiva.

III.10. Tal como se indicou antes, esta modificación puntual non estará sometida ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE), hoxe integrado no contido do Art. 86.1.g) da LOUGA para o planeamento de desenvolvemento (Disposición derogatoria Única L.2/2010), como así se declarou na Decisión do 26.06.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental – CMATI.

III.11. Sen embargo, antes da súa aprobación definitiva deberán recabarse os informes sectoriais en materia de costas das Administracións estatal e autonómica, como ordenan os Arts. 117.2 LC e 210.2 RC; informes que deberán ser emitidos no prazo de dous (2) meses. Para o caso de que non sexan favorables en aspectos da súa competencia, abrirase un período de consultas a fin de chegar a un acordo. Se, como resultado deste, se modificase substancialmente o contido da modificación pretendida deberá someterse novamente a información pública e audiencia dos organismos que tivesen intervido preceptivamente na elaboración.

III.12. Por outra banda, aínda que a modificación que aquí se presenta non afecta directamente ó patrimonio arquitectónico existente no ámbito, nin este ten a cualificación de BIC – conxunto histórico (Resolucións desfavorables do Director xeral de Patrimonio Cultural do 10.10.2005 e da Conselleira de Cultura e deporte do 26.09.2006), entendemos que sí sería necesario dar conta dela á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia – Dirección xeral do Patrimonio Cultural (que xa informara no procedemento de aprobación do PEPRI, en 1999 e 2002) para o seu coñecemento e que emita o informe que corresponda no ámbito da súas competencias.

Debe terse en conta que se trata dunha área que ten a condición de “Área de Rehabilitación Integral” (hoxe: ARCH: Área de Rehabilitación de Centro Histórico), declarada polo conselleiro da CPTOPV o 25.03.2003,

coincidente coa delimitación do vixente PEPRI de Bouzas, asimilado a conxunto histórico polo seu plan especial e que este contén un catálogo de elementos protexidos (incorporado ex lege ó “Inventario xeral do patrimonio Cultural de Galicia”: D. Adic. 2ª LPCG e D.232/2008). Ademais, como xa se dixo, corríxese a liña de respecto arqueolóxica para adecualala á do PXOM, máis ampla.

III.13. En relación cos efectos derivados do acordo de aprobación municipal, preceptúa o Art. 77.2 da LOUGA que o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación (e das súas modificacións) determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas (de parcelación, edificación e derruba) naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente e, para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión. Esta suspensión tería unha duración máxima de dous (2) anos desde aquela aprobación e, en calquera caso, extinguiríase coa aprobación definitiva do planeamento (Art. 77.3, in fine, LOUGA).

Con todo, no caso presente, tendo en conta que as novas determinacións de planeamento contidas nesta modificación puntual só afectarían ós ámbitos xa incluídos na delimitación dos polígonos núms. 1,2,3,4,5,7 e 8 do PEPRI, aínda por desenvolver, nos que non é legalmente posible a concesión de licenzas por carecer de ordenación detallada, non se estima necesario suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación ou derruba.

III.14. A competencia para aprobar inicialmente esta modificación corresponderá á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL).

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a «MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI) DE BOUZAS – APR A-3-35 PXOM», Versión V.2., formulada de oficio pola Xerencia Municipal de Urbanismo e redactada polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión con data abril de 2010, coas finalidades básicas de incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial), localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento e reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior. Incorpóranse, ademais, as correccións derivadas dos informes sectoriais emitidos pola Administración, estatal e autonómica, de Costas, modifícase puntualmente a súa normativa de usos, represéntase correctamente a liña de respecto de protección arqueolóxica e introdúcense determinadas melloras relativas ó tráfico, estacionamento e deseño viario.

**SEGUNDO:** Declarar que, toda vez que esta modificación afecta fundamentalmente ós polígonos núms. 1,2,3,4,5,7 e 8 do PEPRI de Bouzas (aínda non desenvolvidos), non resulta necesario decretar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación ou derruba no ámbito deste Plan Especial.

**TERCEIRO:** Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios que se publicarán no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia e, asemade, notificar individualmente a todos os propietarios (titulares catastrais) dos terreos afectados, con indicación de que, por tratarse dun mero acto de trámite, este acordo non é susceptible de recurso ningún.

**CUARTO:** Recabar, durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, o informe da Dirección xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias.

QUINTO: *Recabar igualmente, con anterioridade á aprobación definitiva desta modificación, unha vez rematada a información pública e completada a súa tramitación administrativa, os informes sectoriais en materia de costas (Arts. 117.2 L.22/1988 e 210.2 RD.1471/1989), pola colindancia do ámbito co dominio público marítimo terrestre estatal e coa zona de servidume de protección».*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno,*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **49.- ESTATUTOS E BASES DA XUNTA DO APR A-5-39 VÍA NORTE. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4843/401-**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe dos técnicos de admón. xeral do 10.05.2010, co conforme do director da oficina de Planeamento e Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións presentadas por D. Jorge Sánchez Domínguez (R.E. XMU 09.03.2009, doc. 90032903, alegación n.º2), D<sup>a</sup>. Graciela Nogueiras Pozo (R.E. XMU do día 27.01.2010, doc. 100011442, alegación n.º. 1), D. José López Domínguez (R.E. XMU do día 21.01.2010, doc.100008303, alegación n.º. 3), D<sup>a</sup>. Delfina Domínguez Lorenzo (R.E. XMU 21.02.2010, doc. 100008301, alegación n.º. 4), D. Alejandro Pereira Alonso e outros (R.E. 31.03.2009, doc. 90045197, alegación n.º. 71) e D. José Gómez González (R.E. XMU do día 08.01.2010, doc. 100001585, alegación n.º. 9) aos exclusivos efectos de excluír aos alegantes do listado de propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono.

SEGUNDO: Estimar a solicitude da entidade “SLINK, S.L.” de corrección de erros do acordo de aprobación inicial de día 12.02.2009 quedando redactado o apartado primeiro da súa parte resolutiva como segue:”*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución da Xunta de Compensación da área de planeamento remitido (APR) A-5-39 VIA NORTE, tramitados a instancias da entidade mercantil SLINK, S.L., propietaria, xunto co entidade pública estatal ADIF e o Concello de Vigo, de máis do 50% da superficie do polígono”.*

TERCEIRO: Tomar coñecemento dos listados achegados por SLINK, S.L. (R.E. XMU 23.12.2008, doc. 80165556) e do domicilio sinalado a efectos de notificacións por D. Roberto Pablos Fernández (R.E. XMU do día 04.02.2010, doc. 100015992, alegación n.º. 2). Rexeitar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Carmen González Otero (R.E. XMU 16.03.2009, doc. 90035921, alegación n.º. 5), Comunidade de propietarios edificio Pino n.º. 89 (R.E. XMU 24.03.2009, doc. 90040409, alegación n.º. 6), Comunidade de propietarios edificio Pino n.º. 89 (R.E. XMU 24.03.2009, doc. 90040411, alegación n.º. 7), D<sup>a</sup>. Olga Cabaleiro Veiga (R.E. XMU 24.03.2009, doc. 90040413, alegación n.º. 8) e D. Salvador González Fernández (R.E. XMU 24.03.2009, doc. 90040714, alegación n.º. 9), sen prexuízo da posibilidade da modificación da ordenación detallada contida no PXOM consonte cos artigos 62 e concordantes da LOUGA.

CUARTO: Rexeitar as alegacións presentadas por D. Javier Alfredo Almagro Bueno (R.E. XMU do día 07.01.2010, doc. 100001273, alegación nº. 7), informándolle de que poderá dirixirse á Xunta de Compensación para que os dereitos de contido patrimonial que, de ser o caso, ostente no polígono, sexan considerados no proxecto de compensación, e tamén a presentada por D. José Doval Cal (R.E. XMU do día 25.01.2010, doc.10009746, alegación nº. 8), comunicándolle que a edificación que menciona na súa alegación non figura afectada pola ordenación da A-5-39 Vía Norte, por non estar dentro do seu ámbito, e rexeitar na súa integridade as demais alegacións; polos motivos expostos no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo.

QUINTO: Aprobar definitivamente o proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación da A-5-39 Vía Norte presentado pola entidade mercantil "SLINK, S.L." ao representar, xunto cos terreos propiedade de ADIF e do Concello de Vigo, máis do 50% da superficie do polígono.

SEXTO: Requirit aos promoventes para que se constitúan en Xunta de Compensación mediante escritura pública no prazo máximo dun mes dende a adopción do presente acordo segundo o establecido no artigo 155.3 da LOUGA, da que deberán achegar copia autorizada, así como das adhesións que no seu caso realicen, a esta XMU para a súa aprobación e remisión á CMATI para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

SÉTIMO: Requirit a todos aqueles propietarios afectados, que non solicitaran a súa incorporación á Xunta de Compensación para que así o efectúen, se o desexan, no prazo dun mes, contado dende a recepción da presente notificación, advertíndolles que, segundo o establecido no artigo 162.5 do RXU, de non ser así, poderán ser expropiados os seus bens e dereitos pola Administración actuante a favor da Xunta de Compensación.

OITAVO: Nomear como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación ao Delegado da área de urbanismo e vivenda, D. José Manuel Mariño Mendoza.

NOVENO: Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial de Pontevedra e notificalo de xeito individual a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono así como a quen comparecese no expediente nos termos do artigo 162.4 RXU, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso de reposición perante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

**50.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE DOCE BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRACTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DO 16 DE XULLO AO 15 DE NOVEMBRO DE 2010. EXPTE. 3363/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.05.10, o informe de fiscalización, do 1.06.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, conformado polo concelleiro delegado de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión da subvención de 12 bolsas de formación para as oficinas de turismo e servizos do concello de Vigo para o período comprendido entre o 16 de xullo ata o 15 de novembro de 2010, que se achegan no Anexo I.

2º.- Autorizar o gasto de 43.200 euros que se imputará a partida 7510.4810000 “Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro”, do presuposto municipal de 2009, que permite dotar 12 bolsas x catro meses x 900 euros = 43.200 euros.

3º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

#### *BASES XERAIS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS (ANEXO I)*

*PRIMEIRA.- Obxecto da subvención.*

*O obxecto das bolsas ou subvencións a que se refiren as presentes bases reguladoras e convocatoria é a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o período comprendido entre o 16 de xullo e o 15 de novembro de 2010.*

*No caso de que, por calquera causa, o Concello tivera que alterar a data de comezo das prácticas ao remate destas adiantarase ou atrasarase tantos días como días se teña adiantado ou atrasado o inicio.*

*O contido dos traballos a desenvolver como prácticas será o que segue:*

- a) Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.*
- b) Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outra información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.*
- c) Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.*
- d) Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.*
- e) Actualización do inventario de recursos turísticos.*
- f) Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.*

*A condición de bolseiro/a non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo ou calquera outra administración pública, polo que a concesión da bolsa non dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que a devandita*

*axuda económica poda entenderse como unha contra-prestación dos traballos que, como prácticas, eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuíta de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.*

*SEGUNDA.- Contía total e crédito orzamentario.*

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 43.200 euros (corenta e tres mil douscentos euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.*

*TERCEIRA.- Compatibilidade da subvención.*

*A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas de calquera outra administración pública de similar contido e alcance.*

*CUARTA.- Requisitos dos bolseiros/as*

*Ademais dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:*

- a) Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concorrer a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.*
- b) Non poderán optar ás bolsas de prácticas as persoas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei de subvencións de Galicia, para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recolle o dito artigo*

*QUINTA.- Obrigas dos beneficiarios.*

*Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense á realización das prácticas con plena dispoñibilidade, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinala a Xefatura do Servizo de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios, se as circunstancias o esixen e sen pasar nunca do límite mencionado.*

*Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós bolseiros/as durante o período que abrangue a bolsa a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.*

*O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.*

*Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, así mesmo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como a incorporar diariamente á base de datos municipal os datos estadísticos recollidos cada día durante o desenvolvemento do seu traballo.*

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante a vixencia da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da bolsa en cuestión, no que se precisarán cantas obrigas complementarias resulten necesarias para o adecuado cumprimento do fin da bolsa, particularmente as que permitan emitir a certificación de asistencias dos bolseiros.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

*SEXTA.- Criterios de adxudicación da subvención e ponderación deles.*

*Primeiro.- A prelación entre as solicitudes para a adxudicación das bolsas farase en función dos resultados dos criterios de valoración, que se desenvolverán en tres fases:*

- a) *Primeira fase: exercicio sobre coñecemento de Vigo.*
- b) *Segunda fase: entrevista persoal.*
- c) *Terceira fase: avaliación de méritos e titulacións.*

*Segundo.- Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:*

*1.- Nota media*

*Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:*

*Sobresaínte: 1 punto.*  
*Notable: 0,5 puntos.*

*2.- Cursos de formación en materia de turismo.*

*Máster de Turismo: 1 punto*  
*Cursos de postgrao: 0,5 puntos.*

*Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficiais expedidos por organismos públicos.*

*3.- Idiomas*

*3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma: 0,50 puntos.*

*3.b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.*

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
---------------	-------------------	-------------------



GALEGO	Curso de iniciación de galego ou título homologado	0.25	Non acumulable
	Curso de Perfeccionamento de galego ou título homologado	0.5	
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	1	
	Ter cursado nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	0,5	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	1	
INGLÉS	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0.5	Non acumulable
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	
	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0.5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.	0.5	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	0.5	Non acumulable
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1		

FRANCÉS	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0.5	Non acumulable
	Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0.5	
	Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	
ALEMÁN	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0.5	Non acumulable
	Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Alemá	1	

<u>IDIOMA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>	
ITALIANO	<i>2º curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	0.5	Non acumulable
	<i>3er curso do Instituto Italiano de Cultura</i>	1	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	0.5	
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	1	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena</i>	0.5	
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena</i>	1	
	<i>Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3</i>	1	
	<i>Licenciatura en tradución e interpretación, tendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira</i>	1	
	<i>Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	0.5	Non acumulable
	<i>Licenciatura en Filoloxía Italiana</i>	1	

3.c) Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou cualificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

#### 4.- Proba práctica e entrevista persoal

4.a) A proba práctica de cocemento de Vigo puntuarase con máximo de 1 punto.

4.b) Na entrevista persoal valorarase a motivación, a iniciativa, así como o trato persoal, cun máximo de 2 puntos.

#### 5.- Experiencia

5. a) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en oficinas de información turística, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

5. b) 0,30 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.

**IMPORTANTE:** os apartados a) e b) non son acumulables. O máximo de puntos é 3 incluíndo os dous apartados.

#### 6.- Informática

Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.

Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

Terceiro.- No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

*Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.*

*No caso de que, unha vez adxudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.*

*SÉTIMA.- Número e dotación das bolsas.*

*O número de bolsas que se concederán será de 12 e a contía de cada unha será de 3.600 euros. O importe da axuda será obxecto das retencións fiscais previstas legalmente.*

*OITAVA.- Procedemento de concesión das bolsas.*

*O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dunha prelación entre estas, de acordo cos devanditos criterios de valoración. O procedemento se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes.*

*O prazo para presentar as solicitudes de concesión destas bolsas será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte a publicación da presente convocatoria e bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.*

*DÉCIMA.- Solicitud e documentación.*

*As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, no prazo arriba sinalado. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases.*

*Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación, por esta orde:*

- Impreso de solicitude*
- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI*
- Currículum vitae e fotografía.*
- Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo período.*
- Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.*
- Certificación académica completa ou fotocopia cotexada na que se reflecta a nota global de cada curso.*
- Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).*
- Certificación ou fotocopia compulsada dos cursos superados na escola oficial de idiomas ou títulos equivalentes.*
- Contrato de traballo ou certificado de prácticas, acreditativo da experiencia laboral en oficinas de información turística.*

- *Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.*
- *Declaración responsable do solicitante de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da bolsa das previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- subsanación da solicitude.*

*Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación, ou amañe a falla, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade.*

*a) Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*b) Publicidade das subvencións concedidas.*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*Ademais desta publicación o listado de tódalas bolsas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Ordenación, instrución e resolución do procedemento. Recursos.*

*A Concellería de Turismo e Comercio será a encargada da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Turismo e Comercio, A xefa de Servizo de Turismo e Comercio e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.*

*A Comisión de Avaliación publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, con expresión neste último caso das razóns da exclusión. Os solicitantes excluídos poderán presentar, no prazo de 10 días a contar desde o seguinte a dita publicación, as alegacións que estimen pertinentes en relación a dita exclusión.*

*A Comisión de Avaliación ademais das probas citadas, poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.*

*A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.*

*A Comisión Avaliadora, a través da concellería de Turismo e Comercio, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Turismo e Comercio a aceptación ou renuncia das axudas. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente renunciada a bolsa, que será concedida ao seguinte aspirante por orde de puntuación.*

*No caso de aceptación, achegarase a esta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma.*

*Se, unha vez aceptada a bolsa, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de goce da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha cantidade polo período de prácticas realizado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Xustificación da subvención.*

*A realización das practicas polos/as beneficiarios/as coa dilixencia debida e o cumprimento axeitado de tódalas obrigas previstas nestas bases e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia no que supletoriamente resulte de aplicación, reflectido en informe do responsable municipal do seguimento das bolsas, que será designado polo concelleiro de Turismo e Comercio, será título xustificativo do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*A memoria dos estudos e traballos realizados, asinado polo/a bolseiro/a, na que se especificarán o programa desenvolvido e os obxectivos acadados, deberá ser presentada no prazo dos quince días seguintes ó remate do prazo das prácticas.*

*DÉCIMO QUINTA.- Aboamento.*

*O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensuralidade a parte*

*proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e o seu regulamento de desenvolvemento.*

*Para o pagamento, o/a responsable do seguimento das bolsas que se designe, remitirá por meses naturais (antes do día 5 do mes natural seguinte) a Intervención Xeral Municipal:*

*a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.*

*b) Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia.*

*DÉCIMO SEXTA.- Cese nas prácticas e reintegro da bolsa.*

*Procederá o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento de pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 LSG e, particularmente, nos seguintes casos, que teñen a consideración de incumprimentos graves:*

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
- 2.- Non comezar no prazo que se sinala o desenvolvemento das prácticas.*
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia reiteradas e non xustificadas.*

*A Xunta de Goberno Local acordará o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas cos devanditos xuros de mora, a proposta do Servizo de Turismo e Comercio, previa audiencia do beneficiario e o informe negativo do incumprimento das obrigas por este.*

*Os incumprimentos polos beneficiarios das súas obrigas que non constitúan causa de cese nas prácticas e reintegro das totais cantidades percibidas darán lugar o reintegro parcial ou a non percepción parcial da subvención en función da entidade temporal das prácticas ás que afectan os incumprimentos.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.*

*As becas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal.*

*Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei*



*15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*DÉCIMO NOVENA.- Normativa de aplicación.*

*A presente convocatoria, ademais de polo previsto nas bases reguladoras que incorpora, rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

#### **51.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE GLORIETA NA RÚA COUTADAS, AO ABEIRO DO PROXECTO REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 7009/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego do 3.06.2010, co conforme do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra de Glorieta na rúa Coutadas, ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis.

#### **52.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA E ACONDICIONAMENTO DE PASOS INFERIORES EN CAMIÑO FERREIRA E CAMIÑO PINGUELA, AO ABEIRO DO PROXECTO REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS, PARA O INICIO DAS OBRAS. EXPTE. 6966/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do 4.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra e acondicionamento de pasos inferiores en Camiño Ferreira e Camiño Pinguela ao abeiro do proxecto de Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.

**53.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA E ACONDICIONAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS URBANOS NA PRAIA DA LAGOA AO ABEIRO DO PROXECTO DE REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS PARA O INICIO DAS OBRAS. EXPTE. 7059/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do 4.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra mellora e acondicionamento para a implantación de servizos urbanos na praia de a Lagoa ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.

**54.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS URBANOS NAS PRAIAS DE MENDE, RIOS E MANQUIÑA AO ABEIRO DO PROXECTO DE REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS PARA O INICIO DAS OBRAS. EXPTE. 7062/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do 4.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra mellora e acondicionamento para a implantación de servizos urbanos nas praias de Mende, Rios e Manquiña ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.

**55.-APROBACIÓN DA MEMORIA-PROXECTO DA ACCIÓN FORMATIVA “EFICIENCIA ENERXÉTICA NO SECTOR SERVIZOS/PEME'S PRÁCTICAS E MEDIDAS ENCAMIÑADAS AO AFORRO”. SOLICITAR SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 7109/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 4.06.10, co conforme do concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria-proxecto da acción formativa denominada “Eficiencia enerxética no sector servizos/peme’s: prácticas e medidas encamiñadas ao aforro”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 30 de abril de 2010 que regula a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais do ano 2010, das correspondentes partidas para o cofinanciamento desta acción formativa.

4º.- Delegar no Concelleiro de Promoción Económica e Emprego Santos Héctor Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante de Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

**56.- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE PATTI SMITH & HER BAND NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS O DÍA 18 DE XULLO (FESTAS DE VERÁN 2010). EXPTE. 3620/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 27.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical de PATTI SMITH & HER BAND, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2010, o día 18 de xullo ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 70.800,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará NORDESÍA PRODUCCIÓN S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 3.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

*CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE PATTI SMITH AND HER BAND O DÍA 18 DE XULLO DE 2010 NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.*

*Vigo, o ..... de ..... de .....*

*Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. ENRIQUE COSTAS BASTERO, administrador e que actúa en nome da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIÓN S.L., CIF B-15.547.235, e con enderezo na rúa GALERAS, Nº 17 da cidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación da artista PATTI SMITH & HER BAND, no sucesivo A ARTISTA, o día 18 de xullo de 2010, ás 23:00 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos, cunha duración mínima de 60 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación da ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.*

*PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS*

*Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de SESENTA MIL (60.000,00) euros máis o 18 % de IVE, o que fai un total de SETENTA MIL OITOCENTOS (70.800,00) euros, en concepto da actuación da ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a NORDESÍA PRODUCCIÓN SL, CIF B-15.547.235, momentos antes do comezo da actuación, coa ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.*

*Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

#### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de 4.500 espectadores de pé. O CONCELLO porá á venda 3.500 entradas ao prezo de 10 euros en venda anticipada e 12 euros en taquilla e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 1.000 invitacións das que entregará 25 á AXENCIA.

#### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo da ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto exclusivamente durante o primeiro tema da actuación, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe da ARTISTA cos colaboradores do

CONCELLO.

*Décimo segunda.- A ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.*

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

*Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou á ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

*A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 271286000006, formalizada coa compañía VITALICIO SEGUROS, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

#### INSTALACIÓNS

*Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 11:00 horas do día da actuación ata as TRES horas despois do final da actuación da ARTISTA.*

*Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.*

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

*Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.*

*A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.*

#### RESOLUCIÓN

*Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.*

*Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

#### LEXISLACIÓN APLICÁBEL

*Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerese polo dereito privado.*

#### SUBMISIÓN

*Vixésimo sexta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

#### ANEXO

##### 1. SON E ILUMINACIÓN.

*O CONCELLO instalará para a actuación da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación:*

- *Equipo de luz cunha potencia 100.000 w. disposto sobre truss dianteiro e traseiro con canón de*

seguimento.

- Seis técnicos cualificados, tres para iluminación e tres para son
- Equipo de son cunha potencia suficiente para cubrir a platea e a grada do auditorio e unha presión acústica de 110 db's en todo o ámbito do recinto. Sistema Line Array de primeira marca.

## 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

*Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m. O escenario está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 (CIFRA) kg/m<sup>2</sup>.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de carga soportada pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg, polo cal, en caso de querer voar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 m. do chan do escenario.*

*Este escenario deberá estar aforado cun sistema de cámara negra completa.*

### 2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

*Dimensións.- 2,5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura dende o chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- 2.000 kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.*

### 2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

*Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo, en dous niveis situados a 0,30 m. e 0,50 m. do chan.*

*Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 Kg/m<sup>2</sup>.*

### 2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

O CONCELLO facilitará unha moqueta para uso da ARTISTA durante o show.



### 3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- *ESCENARIO.* Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.
- *EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.* Disporá de valado perimetral.
- *MERCADOTECNIA*

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

### 4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo as normas en vigor e dando 0 a voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

### 5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá á ARTISTA de tres camerinos de uso exclusivo – 1 de uso individual para a señora Smith, 1 con capacidade para 4 persoas, 1 para 8 persoas -, todos eles illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, toallas grandes e medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou á ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camiós do equipo da ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

### 6. "CATERING".

O CONCELLO proverá de auga mineral aos técnicos da ARTISTA de auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

## 7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo da ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 1 bus sleeper con toma de corrente, 1 camión de 18 toneladas, 1 microbús de 19 prazas e 1 vehículo turismo da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

## 8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

## 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

### 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 4 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo da ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 09:00 horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

### 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos da ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

### 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

### 9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...):

1 STAGE MANAGER

## *1 TÉCNICO DE LUCES antes e durante a actuación*

### 10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 23 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.*
- 4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
- 6 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
- 3 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
- 4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.*
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)*
- 1 membro na ZONA DE MINUSVÁLIDOS*
- 2 membros na TORRE MIXER*

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

### 11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

#### *11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

#### *11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*A ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 4 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

### *11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estrita puntualidade.*

*A apertura de portas ó público producirase ás 22:30 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.*

### 12. PUBLICIDADE.

*A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario da ARTISTA:*

*CARTEIS.- 500 unidades, dimensións 70 x 100 cm.*

*DOSSIER ARTÍSTICO.-*

*FOTOGRAFÍAS.-*

*A distribución dos carteis da ARTISTA será por conta do CONCELLO.*

### *EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.*

*O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).*

### 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas as partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## **57.- PROXECTO DE COLABORACIÓN COA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS” 2010. EXPTE. 3543/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.05.10, o informe de fiscalización do 3.06.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 15.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización da edición

2010 do “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe de 9.000,00 euros a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS

*Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dez*

#### REUNIDOS

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Paulino Freire Gestoso, como Confrade Maior da Confraría do Santísimo cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Bouzas, Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3543/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos”, patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE de VIGO - VILA de BOUZAS”, na noite do terceiro domingo de xullo.*

*II. Que o dito Festival constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.*

III. Que dende hai sete anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos cinco actos nos que se divide o “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas” denominado “Apertura”.

VI.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3543/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-pirotécnico “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”, que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo, e concretamente a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
- 2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.
- 3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 4º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa do Festival, e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Confraría.
- 5º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.
- 6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-pirotécnico Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0016.18.0040020545, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da Tenencia de Alcaldía en todos os soportes publicitarios que edite. Deste material entregaranse 50 exemplares no servizo de Animación sociocultural antes do día 1 xullo.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico do presente ano, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
  - Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.
  - Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
  - Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e



*Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a..... de..... de 2010.*

## **58.- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE DAVID BISBAL NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS O DÍA 7 DE AGOSTO (FESTAS DE VERÁN 2010). Expte. 3571/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.06.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 28.05.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical de DAVID BISBAL, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2010, o día 7 de agosto ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 102.070,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará SWEET NOCTURNA SLNE.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 8 euros como venda anticipada e de 10 euros como venda en taquilla para as 3.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único

beneficiario.

*CONTRATAÇÃO DA ACTUACIÓN MUSICAL DE DAVID BISBAL O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2010  
NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.*

Vigo, o ..... de ..... de .....

*Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte Dna. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ (apoderada, administradora única) e que actúa en nome da empresa denominada SWEET NOCTURNA S.L.N.E., CIF B-36.998.524, e con enderezo na rúa HERNAN CORTES, Nº 30, ENTREPLANTA ESQUERDA da cidade de VIGO, CP 36203; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

*Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación da artista DAVID BISBAL, no sucesivo O ARTISTA, o día 7 de agosto de 2010, ás 23:00 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos, cunha duración mínima de 60 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

VALIDEZ

*Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.*

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

*Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de OITENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS (86.500,00) euros máis o 18 % de IVE, o que fai un total de CENTO E DOUS MIL SETENTA (102.070,00) euros, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a SWEET NOCTURAN, SLNE, CIF B-36.998.524, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.*

*Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da*

actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

#### PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

#### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de 4.500 espectadores de pé. O CONCELLO porá á venda 3.500 entradas ao prezo de 8 euros en venda anticipada e 10 euros en taquilla e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 1.000 invitacións das que entregará 25 á AXENCIA.

#### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

*Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.*

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

*Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

*A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 275801, formalizada coa compañía FIATC MUTUA DE SEGUROS GENERAL, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

#### INSTALACIÓNS

*Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as*

9:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

#### RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

#### LEXISLACIÓN APLICÁBEL

Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerese polo dereito privado.

#### SUBMISIÓN

Vixésimo sexta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

#### ANEXO

## 1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de 60.000 watios de son e de 150.000 watios de iluminación.

### REFORZO.

Así mesmo, debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto con aforo entorno ás 20.000 persoas na grada, O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son de 16.000 watios de potencia, en catro torres “delay” situadas na liña do graderío.

## 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

*Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m. O escenario está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 (CIFRA) kg/m<sup>2</sup>.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (“backstage”).*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de carga soportada pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg, polo cal, en caso de querer voar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 m. do chan do escenario.*

*Este escenario deberá estar aforado cun sistema de cámara negra completa.*

### 2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

*Dimensións.- 2,5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura dende o chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- 2.000 kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.*

### 2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

*Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo, en dous niveis situados a 0,30 m. e 0,50 m. do chan.*

*Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 Kg/m<sup>2</sup>.*

*Para o canón de iluminación: torres de 2 m. X 2 m., a 2 m. do escenario.*

#### 2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

#### 3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN. Disporá de valado perimetral.

- MERCADOTECNIA

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

#### 4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo as normas en vigor e dando 0 a voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

#### 5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de seis camerinos de uso exclusivo (2 de uso individual, 2 con capacidade para 6 persoas e 2 con capacidade para 10 persoas), todos eles illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, toallas grandes e medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

#### 6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da



actuación, o seguinte “catering”:

*Moito xeo picado (incluír unha picadora de xeo de ser necesario).  
20 caixas de botellíns de auga mineral sen gas.  
1 caixa de botellíns de auga mineral con gas.  
8 litros de Gatorade (evitar sabores cítricos).  
8 litros de zume natural de froitas.  
96 latas de Coca Cola.  
48 latas de Coca Cola light.  
24 latas de Fanta laranxa.  
24 latas de Fanta limón.  
24 latas de Nestea.  
60 latas de Aquarius.  
48 latas de cervexa.  
Auga fría durante toda a estancia do persoal do ARTISTA.  
100 kg. de xeo en cubitos.  
40 bocadillos decentes (para despois do desmonte).  
50 toallas grandes de baño.  
12 toallas negras de man.*

*Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos técnicos do ARTISTA de auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.*

## 7. VEHÍCULOS.

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 5 furgonetas, 2 autobuses, 4 trailers e 2 vehículos tipo turismo do ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

## 8. MERCADOTECNIA.

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

## 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

*O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.*

*A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.*

### 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 23 persoas para tarefas de carga 30 persoas para tarefas de descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 09:00 horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

### 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

### 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

### 9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...):

## 10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 23 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.
- 4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 6 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 3 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
- 4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.
- 2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)
- 1 membro na ZONA DE MINUSVÁLIDOS
- 2 membros na TORRE MIXER

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o

seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

## 11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

### 11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás 22:30 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

## 12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario do ARTISTA:

CARTEIS.- 1.000 unidades, dimensións 70 x 100 cm.

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis da ARTISTA será por conta do CONCELLO.

### EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

## 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## **59.- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS Ó CONCELLO DE VIGO. EXPTE.7119/540.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do letrado-asesor do 2.06.10 que dí o que segue;

*“Emítese o presente informe de conformidade coa Lei 30/1992, Lei 7/1985, Lei 30/2007, e demais normativa de aplicación, por mor do escrito de solicitude rexistrado o 28/5/2010 por parte do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.*

*Nel, a entidade sinala que recibiu un escrito da Administración no que se lle comunica que se lle exclúe do procedemento administrativo de contratación (expte. 7119-540), ó non asinar de xeito mancomunado os dous apoderados da mercantil a declaración responsable incluída no sobre nº 1, de documentación administrativa.*

*Manifestan do mesmo xeito, que os dous apoderados asinaron de xeito mancomunado a oferta económica, incluído no sobre nº 2.*

*Rematan solicitando que se reconsidere a exclusión, xa que o documento que motivou a súa exclusión non é o determinante para entender que a vontade da empresa se manifesta, senón que tal declaración de asunción do compromiso contractual se recolle na documentación que consta no sobre nº 2, na “oferta económica en si mesma”.*

*No que atinxe ás consideracións xurídicas que merece tal escrito, o que dende a Asesoría Xurídica se debe informar é o seguinte;*

### **I**

*No primeiro sobre se inclúe a sinatura dunha das dúas persoas físicas apoderadas mediante escritura pública e nos termos do devandito poder ; “comparecer e ostentar a representación da sociedade”. A declaración responsable asinada por un só dos dous apoderados nun principio, determina formalmente a exclusión da empresa do procedemento, polo que nese senso se considera axeitada a comunicación desa exclusión. A actuación do Concello foi estrictamente axustada a dereito, e non merece reproche ningún.*

### **II**

*Acontece que tal declaración se reproduce nun dos tres anexos que conforman o sobre nº 2 ( Anexo I; modelo de oferta, Anexo II; declaración xurada, Anexo III; Modelo de declaración ). Unha interpretación antiformalista e atendendo tamén ás consecuencias que ocasiona a exclusión dun contratista insuficientemente motivada, obrigaría á consideración por parte do Concello de que se a mercantil reclamante fai constar nos tres anexos do sobre nº 2 a sinatura dos dous apoderados mancomunados, se pode considerar convalidado tal defecto. É dicir, se estaría a entender que o poder é bastante como para que asine a primeira declaración responsable só un dos apoderados, se posteriormente na segunda declaración xa figuran os dous [como manifestación inequívoca da*

vontade da entidade].

### III

*Sen embargo, a redacción de tal escrito de solicitude presenta dificultades para entendelo subsanado, especialmente no seu punto terceiro, por canto é a propia solicitante quen está a manifestar, por un lado – e en interpretación unilateral do poder notarial- que entende suficiente tal poder como para manifestar a vontade de contratar da entidade. E en segundo lugar, e isto é o que determina a perda do carácter condicional do presente informe, e é que textualmente se di: “las declaraciones incluídas en los sobres I y II”. É a propia mercantil, polo tanto, quen está a recoñecer o incumprimento do estipulado administrativa e normativamente.*

### IV

*Entende esta Administración , polo tanto, que a propia entidade está a poñer de manifesto que os tres anexos -e restante documentación, se fose o caso- que se recollen no sobre nº 2 non se atopan asinados polos dous apoderados. Precisamente o carácter mancomunado impide que opere dun xeito independente a vontade de cada un deles –e que por extensión despregue os seus efectos xurídicos-, polo que , no senso no que se atopa redactado tal escrito, non é posible acceder á solicitude, por canto non se produciría a devandita convalidación. Débese desbotar, pola mesma razón a consideración feita sobre a natureza do contrato e a cualificación especial da oferta económica como núcleo do contrato. A isto debemos respostar que non se trata dun negocio xurídico entre privados (aínda denominándose contrato para a prestación de servizos bancarios) , onde rexe a vontade das partes e hai liberdade de pactos e cláusulas, senón dun procedemento suxeito á lexislación contractual pública, onde cada trámite/subprocedemento debe respectarse. Non se pode no seo dun escrito como o rexistrado discutir as condicións dun contrato público, do xeito que o fai o solicitante, pretendendo unha interpretación favorable á súa non exclusión en base á -decidida unilateralmente- interpretación do poder e dos efectos extensivos do poder.*

*Polo exposto, se ben no caso de atoparse asinada polos dous apoderados mancomunados a totalidade da documentación incluída no sobre nº 2 , podería considerarse que o poder habilita a un dos dous apoderados para asinar a declaración responsable do sobre nº 1, o escrito rexistrado recolle expresamente que as declaracións (incluídas nos dous sobres) só se atopan asinadas por un apoderado, sendo isto o determinante do mantemento do acordado, polo que a exclusión do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A do procedemento correspondente ao expediente 7119-540 debe manterse. Todo elo, a reservas do que decida a Mesa de Contratación.”*

De conformidade coa proposta do Secretario da Mesa de Contratación, do 2.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Excluir a proposta presentada pola entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo (Espte. 7119-540) polas razóns expostas no informe emitido polo Letrado asesor da Asesoría Xurdica do Concello de 2.06.2010.

## **60.-NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 19903/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Organización e Planificación de RR.HH, do 4.06.10, co conforme da xefa do servizo e do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e do informe do técnico de Intervención de data 4.06.10, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina de dúas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, de acordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos dos Servizos de Recursos Humanos e Benestar Social, contida nos escritos de datas 18 e 19 de maio de 2010, respectivamente.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas con cargo ás referidas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral a D<sup>a</sup>. LAURA ALONSO CRESPO, DNI 53.187.479-W e D<sup>a</sup>. MÓNICA CORDO COTO, DNI 35.561.789-V, aspirantes que superaron tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente dita condición no momento en que se cubran definitivamente as prazas á que se adscriban as interesadas, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

me/kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

**Isaura Abelairas Rodríguez.**